**CONCELLO DE VIGO**

Expte. /1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 7 de FEBREIRO de 2025

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
Dª Yolanda Aguiar Castro

**NON ASISTEN:**

D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día sete de febreiro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(74).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión acta da sesión extraordinaria e urxente do 28 de xaneiro e ordinaria do 31 de xaneiro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(75).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA USUARIO. EXPTE. 10416/113.**

Visto o Informe xurídico do 24/01/2025 e o informe de fiscalización do 29/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 26/06/2024 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (ordenadores, monitores, portátiles e tablets).

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/06/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 12/07/2024 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 14/11/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 12/12/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Memoria económica do contrato de data 26/12/2024, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Memoria xustificativa do contrato de data 21/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 23/01/2025.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro**.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 26/06/2024 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo**.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

**Terceiro**.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto**.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto**.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.**- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.**- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (ordenadores, monitores, portátiles e tablets), no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/06/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 12/07/2024 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 14/11/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 12/12/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Memoria económica do contrato de data 26/12/2024, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Memoria xustificativa do contrato de data 21/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 23/01/2025.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **100.000,00 €,** que inclúe un I.V.E. de **17.355,37 €,** dende o 1 de maio de 2025 , con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

| exercicio | concepto | Partida/Proxecto | Base | IVE | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **2025** | EQUIPOS INFORMÁTICOS | 9207. 6260001/25920701 | 82.644,63 € | 17.355,37 € | 100.000,00 € |

**TERCEIRO.-** Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **81.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **14.057,85 €**, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

| exercicio | concepto | Partida/Proxecto | Base | IVE | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **2026** | EQUIPOS INFORMÁTICOS | 9207.6260001/25920701 | 66.942,15 € | 14.057,85 € | 81.000,00 € |

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### 3(76).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS SERVIDORES CENTRAIS DO CPD. EXPTE. 10576/113.

Visto o informe xurídico do 29/01/2025, e o informe de fiscalización do 31/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Lexislación aplicable**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

**Antecedentes**

O Contrato do servizo de mantemento dos servidores centrais do CPD do Concello de Vigo (expte. 9070/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de febreiro de 2021, á empresa ECONOCOM SERVICIOS, S.A. por un prezo de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

O contrato formalizouse en data 30/03/2021, entrou en vigor o 01/04/2021 rematando o 31/03/2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/02/2022 e rectificación de erros de data 17/03/2022, autorízase a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, do 01/04/2022 ao 31/03/2023, por importe de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/01/2023 autorízase a segunda prórroga do contrato polo período dun ano, do 01/04/2023 ao 31/03/2024, por importe de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

Por último, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/01/2024 autorízase a terceira prórroga do contrato polo período dun ano, do 01/04/2024 ao 31/03/2025, por importe de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 8 de xaneiro de 2025, dispoñendo se proceda a instruír a terceira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

**Fundamentos**

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
   No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
   - Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que “*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”.*
   - No apartado 4.C das FEC indícase: “*Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha”.*
   - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2021 a 2024.
   - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
     *“Dado que o tipo de contrato e de mantemento de equipamento segundo ás necesidades as cantidades a aboar en función do parque de equipos a cubrir faranse efectivas de xeito mensual, segundo ós equipos cubertos, podendo agruparse as facturas trimestralmente”.*
3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 30.000,00 euros, dos cales 5.206,61 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:
   A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2279900 (Mantemento Hardware e Sist. Almacenamento).
5. A empresa *ECONOCOM SERVICIOS, S.A.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
   Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo mantemento dos servidores centrais do Centro de Proceso de Datos (CPD) do Concello de Vigo.
   A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 8 de xaneiro de 2025, autorizando o inicio de este expediente da cuarta prórroga do contrato.
7. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
8. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Á vista do exposto,** ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Acordar a CUARTA PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SERVIDORES CENTRAIS DO CPD DO CONCELLO DE VIGO (EXPTE 9070-113) polo período dun ano, do 1 de abril de 2025 ao 31 de marzo de 2026, polo importe total de 30.000,00 € IVE incluído.

2.- Autorizar o gasto de **30.000,00 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

| Partida | Exercicio | IVE | Base | Importe total |
|---|---|---|---|---|
| 9207.2279900 (Mantemento Hardware e Sist. Almacenamento) | 2025 | 5.206,61 € | 24.793,39 € | 30.000,00 € |
| ***Total exercicio 2023*** | | | | ***30.000,00 €*** |

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(77).-PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E ADAPTACIÓN AO MARCO NORMATIVO EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS. EXPTE. 10577/113.**

Visto o informe xurídico do 29/01/2025 e o informe de fiscalización do 31/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Lexislación aplicable**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
-

**Antecedentes**

O Contrato do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos do Concello de Vigo (expte. 10161/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de marzo de 2024, á empresa TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES, S.A.U. por un prezo de 26.616,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 4.619,31 euros anuais).

O contrato formalizouse en data 18/03/2024, entrou en vigor o 19/03/2024 rematando o 18/03/2025.

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 9 de xaneiro de 2025, dispoñendo se proceda a instruír a primeira e única prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

## Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
   No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:
   - Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que "*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato".*
   - No apartado 4.C das FEC indícase: "*Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: 1 prórroga de 3 anos de duración".*
   - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2023 a 2024.
   - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
     *"O pagamento do prezo do contrato efectuarase trimestralmente tras a presentación da correspondente factura, que deberá ser conformada polo responsable do contrato. Na factura deberán constar o importe correspondente á parte fixa (importe total da parte fixa coa redución ofertada dividido en catro trimestres) e o importe da parte variable segundo as prestacións realizadas no trimestre e aplicando os prezos unitarios co desconto ofertado.".*
3. Prezo da prórroga:
   O prezo total da prórroga ascende a 79.848,00 €, dos cales 13.857,92 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
   A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) en cada exercicio:

| Partida | Exercicio | IVE | Base | Importe total |
|---|---|---|---|---|
| 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) | 2025 | 3.464,48 € | 16.497,52 € | 19.962,00 € |
| 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) | 2026 | 4.619,31 € | 21.996,69 € | 26.616 € |
| 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) | 2027 | 4.619,31 € | 21.996,69 € | 26.616 € |
| 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) | 2028 | 1.154,83 € | 5.499,17 € | 6.654,00 € |
| ***Total*** | | | | ***79.848,00 €*** |

5. A empresa *TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES, S.A.U.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
   Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos do Concello de Vigo.
   A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 9 de xaneiro de 2025, autorizando o inicio de este expediente da primeira e única prórroga do contrato.
7. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
8. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Á vista do exposto,** ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro

da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Acordar a PRIMEIRA E ÚNICA PRÓRROGA DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E ADAPTACIÓN AO MARCO NORMATIVO EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS (EXPTE 10161-113) polo período de tres (3) anos, do 19 de marzo de 2025 ao 18 de marzo de 2028, polo importe total de **79.848,00 €** IVE incluído.

2.- Autorizar o gasto de **19.962,00 €** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

| ***Partida*** | ***Exercicio*** | ***IVE*** | ***Base*** | ***Importe total*** |
|---|---|---|---|---|
| 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) | 2025 | 3.464,48 € | 16.497,52 € | 19.962,00 € |
| ***Total exercicio 2025*** | | | | ***19.962,00 €*** |

3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **59.886,00 €** (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

| ***Partida*** | ***Exercicio*** | ***IVE*** | ***Base*** | ***Importe total*** |
|---|---|---|---|---|
| 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) | 2026 | 4.619,31 € | 21.996,69 € | 26.616 € |
| 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) | 2027 | 4.619,31 € | 21.996,69 € | 26.616 € |
| 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) | 2028 | 1.154,83 € | 5.499,17 € | 6.654,00 € |
| ***Total*** | | | | ***59.886,00 €*** |

4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(78).- BASES REGULADORAS DAS “SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025”. EXPTE. 276371/301.**

Visto o informe xurídico do 16/01/2025 e o informe de fiscalización do 03/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/01/2025, asinado pola xefa de servizo de Benestar Social e o xefe da Área de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Co obxecto de fomentar as actividades das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política Social, pretende convocar un ano máis as subvencións para entidades e asociacións desta natureza, destinadas á realización de proxectos, programas e actividades na área dos servizos sociais en 2025.

I.2. Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Para tal fin elaboráronse no Servizo de Benestar social as bases do procedemento de concesión destas subvencións; subvencións que o Concello de Vigo ten previstas no seu orzamento para o ano 2025, destinando a tal efecto unha cantidade total de 90.000€ na aplicación nº 2310.489.00.00 *“Subvencións a asociacións, entidades etc. de carácter social”*; cantidade que resulta de incrementar en 10.000€ a que figuraba nos orzamentos vixentes e no PES, en virtude da modificación orzamentaria (transferencia de crédito) MC 3/25, tramitada no Exp. nº 276960/301 e aprobada pola Alcaldía-Presidencia por Resolución do 14.01.2025, co seguinte detalle:

| Concepto | Orixe dos Fondos | | | | Aplicación dos Fondos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Programa | Partida | Proxecto | Importe | Programa | Partida | Proxecto | Importe |
| Bs. Social | 2310 | 2279913 | | 10,000.00 | 2310 | 4890000 | | 10,000.00 |

I.3. Este programa de subvencións intégrase no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024-2026 do Concello de Vigo (Liña 4-2: *“Actividades de carácter social”*), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 08.03.2024 (Exp. nº 277/143). De acordo co PES, os obxectivos estratéxicos que se pretenden lograr con estas subvencións son fomentar o desenvolvemento de actuacións solidarias polas entidades de iniciativa social (asociacións e entidades de carácter social sen ánimo de lucro), no ámbito dos servizos sociais na cidade de Vigo.

I.4. O contido material destas Bases para 2025 é idéntico, coas debidas actualizacións, ó do exercicio de 2024 e integra as modificacións introducidas nas do ano pasado, que foron as seguintes:

- Por proposta da Concelleira delegada, incluíronse dentro dos *“proxectos singulares de especial interese”* aqueles dirixidos á inclusión social das persoas con discapacidade ou diversidade funcional (Base 9ª, Apdo. 4).

- Seguindo a recomendación efectuada pola Xefa do Servizo de Fiscalización, no seu informe do 21.08.2023 ó Exp. nº 248119/301 (trámite nº 78), incluíronse os criterios de valoración e a desagregación da puntuación prevista para eses *"proxectos singulares de especial interese"* (Base 9ª, Apdo. 4).
- Na Base 1ª (pfos. 2 e 3) incluírase unha referencia expresa á integración deste programa de subvencións no novo PES 2024-2026, indicando os obxectivos estratéxicos que con el se pretenden acadar.

I.5. O marco xurídico no que se desenvolve este programa de axudas é o configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, o Plan Estratéxico de Subvencións 2024 – 2026 e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

I.6. A concesión destas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e entidades de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades na área dos servizos sociais, abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais, na que se prevé a colaboración municipal no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, o fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local (Art. 60.1.c) da L.13/2008), como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede, a orde de inicio do expediente da Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude e o documento de Bases elaborado, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025», elaboradas polo Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo e que se integran no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo (Liña 4-2: *"Actividades de carácter social"*), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 08.03.2024 (Exp. nº 277/143).

SEGUNDO: Autorizar a tal fin o gasto de 90.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 (*"Subvencións a asociacións, entidades, etc."*) do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por

conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remitiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (*"datos estruturados"*)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025».

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo co Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

É precisamente dentro deste marco normativo e temporal no que se insire esta iniciativa específica de subvencións a entidades e asociacións de carácter social e sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais.

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia atribúe-lle ás Corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúen as referidas á colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social e a promoción de mecanismos de coordinación das súas actuacións, evitando duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais, así como o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

De acordo con esta mesma norma, os poderes públicos están obrigados a fomentar no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

III

Precisamente coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais municipais e coadxuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política Social, leva a cabo unha convocatoria anual de subvencións para entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro que actúen neste ámbito, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, o Plan Estratéxico de Subvencións 2024 – 2026 e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

A concesión destas subvencións efectuarase conforme cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, consonte coas seguintes,

## BASES

### BASE 1ª.- Obxecto

É obxecto das presentes Bases a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais en Vigo no ano 2025, dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia e cumprindo os requisitos que nestas Bases se indican.

Este programa de subvencións intégrase no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024-2026 do Concello de Vigo (Liña 4-2: “*Actividades de carácter social*”), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 08.03.2024 (Exp. nº 277/143).

De acordo co PES, os obxectivos estratéxicos que se pretenden lograr con estas subvencións son fomentar o desenvolvemento de actuacións solidarias polas entidades de iniciativa social (asociacións e entidades de carácter social sen ánimo de lucro), no ámbito dos servizos sociais na cidade de Vigo.

**BASE 2ª.- Proxectos subvencionables**

Serán subvencionables aqueles proxectos, programas e actividades de asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial da cidade de Vigo no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos seguintes colectivos:

A) Familia e Infancia:

-Proxectos ou actividades que fomenten as habilidades familiares a través de actividades de formación na igualdade e corresponsabilidade dos seus membros, cara á mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar.
-Proxectos ou actividades que favorezan a participación das familias cara á súa integración social.
-Programas de apoio psicosocial para situacións de dependencia (autocoidado emocional, autoestima, regulación emocional, habilidades de comunicación e resolución de conflictos, etc.) cara á mellora da calidade da vida familiar.

B) Persoas maiores e persoas con discapacidade:

-Programas de información e/ou formación dirixidos a estes colectivos, familiares e coidadores.
-Programas ou actividades dirixidas a persoas maiores e/ou con discapacidade que fomenten a súa psicomotricidade.
- Programas de acompañamento ás persoas maiores que vivan soas.
-Obradoiros alternativos non coincidentes cos desenvolvidos pola Área de Benestar Social.

C) Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas:

-Proxectos socioeducativos e de promoción social dirixidos a estes colectivos socialmente vulnerables.

D) Persoas marxinadas sen fogar:

-Proxectos de prevención, tanto individual como familiar ou comunitaria, dirixidos a persoas e colectivos en risco de exclusión social ou desprotección.

E) Persoas con adiccións, con ou sen substancia (alcohol e outras drogas, adicción ó xogo, ás apostas en internet, etc.):

-Proxectos de carácter preventivo, socioeducativo, de promoción da autoestima e educación en valores.

**BASE 3ª.- Inadmisión e desestimación de solicitudes**

Serán inadmitidas todas aquelas solicitudes de subvención que non cumpran cos requisitos xerais e específicos establecidos nestas Bases, referidos a entidades ou asociacións solicitantes (por non estar ins-

critas no Rexistro Municipal de Asociacións) e á natureza dos programas, referido a proxectos e actividades propostas (por non cumprir as condicións da Base segunda).

Unha vez estudiados os proxectos presentados e admitidos, desestimaranse aquelas solicitudes nas que o obxecto e/ou finalidade da subvención poida encadrarse nun ou varios dos apartados seguintes:

1. Solicitudes correspondentes a proxectos para os que xa se solicitase axuda a outras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
2. Solicitudes que, ainda que só se presentasen na Área de Política Social, teñan unha relación ou canle máis específica de subvención noutras Áreas do Concello ou noutras Administracións, ou aquelas que, pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren exactamente dentro do ámbito de actuación dos servizos sociais.
3. Solicitudes que se refiran a programas, proxectos ou actividades que xa estean a executarse na Concellería de Política Social a través dalgún contrato ou convenio de colaboración.
4. Cando o programa, proxecto ou actividade en cuestión non reúna as condicións mínimas de interese xeral, teñan unha escasa relevancia ou repercusión e/ou non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica.
5. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos ou externos de carácter exclusivamente propagandístico.
6. As que inclúan actividades de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
7. Aquelas que inclúan actividades propias dos clubes deportivos, agás as dirixidas ó colectivo de persoas con discapacidade e que non sexan coincidentes coas desenvolvidas polo Concello.
8. As que inclúan actividades xa levadas a cabo por Administracións públicas, entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas.
9. As que inclúan actividades de carácter docente previstas nos programas de ensino, as dirixidas ó estudo, análise ou investigación académica ou estatística e aquelas que inclúan actividades de natureza sanitario-asistencial.

**BASE 4ª.- Crédito orzamentario.**

A concesión das subvencións axustarase á aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.489.00.00 - *"Subvencións a asociacións, entidades etc. de carácter social"*.

Poderá subvencionarse o 100% do orzamento presentado.

**BASE 5ª.- Compatibilidade**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total do programa, proxecto ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xuño (Regulamento da Lei xeral de subvencións).

**BASE 6ª.- Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes**

- Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.
- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.
- Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo. Entenderase por *"delegación permanente"* aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ó mantemento da documentación, á contabilidade e co-xestión do proxecto na súa oficina de Vigo, entendendo por esta a participación, alomenos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.
- No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.
- Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación a que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.
- Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto á convocatoria.
- Que conforme ós seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.
- Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os/as beneficiarios/as das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- Que se atopen ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**BASE 7ª.- Prazo, forma de presentación de solicitudes e documentación**

7.1. Forma e prazo de presentación:
En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas mediante os modelos oficiais aprobados con estas Bases, que estarán dispoñibles na web municipal www.vigo.org

De se achegar presencialmente a solicitude ou a documentación complementaria, requirirase a súa subsanación mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e a teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da L.38/2003 (LXS), establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións. A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web www.vigo.org debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo http://transparencia.vigo.org.

7.2. Modelo de presentación de solicitudes:

As solicitudes de subvención presentaranse segundo o modelo oficial que figura no Anexo I destas Bases.

7.3. Documentación:

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Certificación asinada polo secretario da entidade do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe ós postos de representante legal e secretario/a).

b) Certificación asinada polo secretario da entidade relativa a:

   - Representación da persoa responsable legal da entidade.
   - Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.
   - NIF da entidade.

c) Declaración responsable de estar ó corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia, en base ó réxime simplificado de acreditación do seu cumprimento para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, segundo establece o artigo 24.4 do RD.887/2006. Anexo II.

d) Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incursa en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da LSG. Anexo II.

e) De ser o caso, declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

f) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representates legais e o documento de designación do representante ou apoderado único, onde se fagan constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada asociación para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.

g) Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que se solicita subvención, co contido mínimo seguinte:

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades por realizar
- Número aproximado de persoas que se beneficiarán e para as que se destina o proxecto
- Calendario de actividades
- Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.

No suposto de que a entidade presentase esta documentación, ou parte da mesma, a outra convocatoria de axudas do Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con que achegue unha declaración especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que consta, debendo anexar unicamente a documentación que falte ou non estea actualizada.

**BASE 8ª.- Gastos do proxecto**

8.1. Gastos subvencionables:

Serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos do programa, proxecto ou actividade subvencionada. Entenderanse como *"custos directos"* aqueles que resulten imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención, e que financian a consecución dos seus obxectivos. Para os efectos da concesión da axuda teranse en conta:

a) Materiais consumibles: considéranse os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano, tales como material de escritorio, material informático, material de formación, reprografías e imprenta.

b) Persoal: os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios e seguros sociais do persoal afecto ó proxecto a cargo da entidade. Para o caso de que se imputen gastos de coordinación, esta actividade deberá ser realizada por persoa física distinta da responsable do proxecto. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

c) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de análise de necesidades, diagnósticos, capacitacións, seminarios, informes..., previstos para a realización do proxecto.

Considéranse *"custos indirectos"* os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante que resultan da formulación e execución do proxecto. Non poderán superar o 5% do orzamento total do proxecto. Estes gastos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales gastos correspondan ó período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo acreditarse a porcentaxe aplicada mediante declaración responsable.

8.2. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables:

- Os bens e equipamentos inventariables
- Os xuros debedores das contas bancarias
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais
- Os gastos de procedementos xudiciais
- As amortizacións de bens inventariables
- Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, frores, entradas a espectáculos, etc.).

**BASE 9ª.- Criterios de valoración**

A concesión destas subvencións terá lugar en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Política Social para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolles as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse algunha renuncia, esta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, ó incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

A.- Criterios relacionados coa entidade: ata 10 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Segundo a experiencia no sector determinada pola maior implantación na cidade, ata un máximo de 4 puntos graduados do seguinte xeito:

- Entidades con 10 ou máis anos de antigüidade: sempre, 4 puntos.
- Entidades cunha antigüidade de máis de 5 anos e menos de 10: sempre, 2 puntos.
- Entidades cunha antigüidade igual ou menor de 5 anos: 1 punto.

2. Valorarase cun máximo de 6 puntos a achega financeira da entidade ó proxecto, aplicando a seguinte regra:

- A entidade non achega recursos propios ó proxecto: 0 puntos.
- A entidade achega recursos propios ata o 20% do importe do proxecto: 1 punto.
- A entidade achega recursos propios de entre o 21% e o 40% do importe do proxecto: 2 puntos.
- A entidade achega recursos propios de entre o 41% e o 60% do importe do proxecto: 4 puntos.
- A entidade achega recursos propios de entre o 61% e o 80% do importe do proxecto: 5 puntos.

- A entidade achega recursos propios de mais 81% do importe do proxecto: 6 puntos.

B.- Criterios relacionados co contido do proxecto: ata 40 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada, máximo: 15 puntos, graduados do seguinte xeito:

- Proxectos nos que se defina correctamente o ámbito de actuación, a finalidade, obxectivos, destinatarios ós que se dirixe, resultados agardados, recursos necesarios, plan de viabilidade, comunicación e publicidade, fases de proxecto, etc.: de 11 a 15 puntos.
- Proxectos nos que os obxectivos están definidos de xeito máis xeral, analizando unha determinada problemática no ámbito ou colectivo para o que se solicita a subvención, sen determinar beneficiarios/as, pero que conteñen os aspectos mais importantes do mesmo, dos cales se deduza a súa plena execución: de 7 a 10 puntos.
- Proxectos nos que se definan obxectivos e fins dun xeito indicativo sen pormenorizar ningunha das actuaciones que se pretenden levar a cabo: de 1 a 6 puntos.

2. Accións que se van desenvolver, prazo de execución e coherencia na programación temporal, máximo: 5 puntos, graduados do seguinte xeito:

- Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a actividade se realice cos/coas beneficiarios/as durante todo o ano, cun mínimo de 8 horas/mes e durante un mínimo de 10 meses: 5 puntos.
- Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e teñan unha programación da actividade cos/as beneficiarios/as para un trimestre ou máis, cun mínimo de 8 horas/mes durante un trimestre: 2 puntos.
- Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a programación sexa inferior a un trimestre: 1 punto.

3. Coherencia das aplicacións orzamentarias cos obxectivos de proxecto: máximo 5 puntos.

- Proxectos que presenten unha estudada viabilidade, un presuposto ben elaborado, asignando e distribuíndo custos por fontes de financiamento e considerando os custos indirectos que ocasiona a execución en todas as fases: 5 puntos.
- Proxectos que presenten un presuposto ben elaborado, asignando e distribuíndo custos e considerando custos indirectos que ocasiona a execución: 3 puntos.
- Proxectos que presenten un presuposto de custo da actividade no que se indique só o gasto global para súa execución: 1 punto.

4. Proxectos singulares de especial interese social: proxectos presentados polas entidades sociais que incidan directamente nestes tres ámbitos:

1) Acompañamento e asistencia ás persoas maiores que vivan soas.
2) Acceso á vivenda: proxectos dirixidos a lograr un aloxamento ou solución habitacional con carácter estable a persoas sen fogar ou en risco de exclusión social severa ou afectadas por procesos de desafiuzamento xudicial da súa vivenda habitual.

3) Inclusión social para persoas con discapacidade ou diversidade funcional.

Outorgarase ata un máximo de 15 puntos, coa seguinte desagregación:

- A actividade principal da entidade coincide con algún deses tres ámbitos: 5 ptos. (máx.).
- Importe total do proxecto de especial interese social: 10 ptos. (máx.):

- Máis de 3.000,00€: 1 pto.
- Máis de 4.000,00€: 2 ptos.
- Máis de 5.000,00€: 3 ptos.
- Máis de 7.000.00€: 4 ptos.
- Máis de 10.000,00€: 5 ptos.
- Máis de 12.000,00€: 6 ptos.
- Máis de 15.000,00€: 7 ptos.
- Máis de 18.000,00€: 8 ptos.
- Máis de 20.000,00€: 9 ptos.
- Máis de 25.000,00€: 10 ptos.

Serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 4 puntos nos contidos do apartado A e un mínimo de 15 puntos na suma de todos os criterios.

**BASE 10ª.- Instrucción do procedemento**
A instrucción do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle ó Servizo de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) dias hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 68 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

**BASE 11ª.- Tramitación e resolución das solicitudes**

11.1. Os/as responsables da instrucción do procedemento avaliarán as solicitudes de conformidade cos criterios aplicables e realizarán a valoración da axuda a percibir conforme con estas Bases. Tamén farán constar expresamente que da información que obra no seu poder resulta que os/a beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

11.2. Rematada a instrucción do procedemento, remitiráselle á Comisión técnica de avaliación.

11.3. A proposta de resolución conterá unha relación con todas as entidades solicitantes que participaron na convocatoria e a proposta que proceda:

- *Concedidas*: reseñarase a axuda de cada beneficiaria, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.
- *Denegadas*: farase constar sempre a causa da denegación.

11.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do procedemento e previo informe da Comisión técnica de avaliación, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do orzamento de Benestar social do Concello.

11.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

11.6. Unha vez resolto o procedemento, publicarase na paxina web municipal e no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

**BASE 12ª.- Comisión de Avaliación**

A Comisión técnica de avaliación destas axudas estará presidida pola Concelleira de Política Social e integrada polo Xefe de Área e a Xefa de Servizo de Benestar Social e a técnica de actividades económicas do Servizo, que actuará como secretaria.

**BASE 13ª.- Recursos**

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

**BASE 14ª.- Obrigas das persoas beneficiarias**

A concesión das subvencións ás entidades beneficiarias implica a asunción de todas as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións públicas a entidades sen ánimo de lucro. En concreto, obríganse especificamente a:

- Realizar o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- Empregar a lingua galega na realización das actividades.
- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos e na forma prevista nestas Bases (documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos), así como á realización da actividade e ó cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
- Colaborar coas actuacións de comprobación e información, quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado nestas Bases.
- Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.
- Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento municipal do proxecto ou programa en todas as actividades e comunicacións que realicen (previa conformidade da Concellería de Política Social), facendo constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo e comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- Cumprir coas demais obrigas consignadas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG.

**BASE 15ª.- Prazo e forma de xustificación**

Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.

A xustificación das axudas deberá presentarse, como máximo, ata o 31 de outubro de 2025. Con todo, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, este prazo poderá ser ampliado excepcionalmente e de forma motivada, sempre de acordo coa normativa orzamentaria aplicable, as Bases de execución do orzamento e as normas xerais de peche do exercicio que se acorden.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da LXS e 28 da LSG, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá Memoria de actuación e Memoria económica xustificativas.

A documentación xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e constará de:

1) Xustificación técnica: indicará, co máximo detalle, os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, así como a análise da súa sustentabilidade futura e incluirá:

- Certificación da persoa que desempeñe a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- Memoria de execución dos obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada pola persoa responsable do proxecto.

2) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizarase mediante a forma de conta xustificativa. Presentarase utilizando o Anexo III, que inclúe:

- Unha relación clasificada de todos os gastos vinculados á subvención.

- Facturas e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, incorporados na relación anterior e polo importe subvencionado. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD.1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento regulador da obrigas de facturación. Terase en conta como importe xustificativo a base impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, a non ser que se acredite, mediante declaración responsable, que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.

  - Xustificantes de pagamento correspondentes ás facturas e demais documentos de carácter probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil (resgardos bancarios ou co-

pias dos extractos bancarios onde figure o cargo na conta). No caso de pagamentos en efectivo, o correspondente *"recibín"*, asinado e selado polo proveedor, no que se especificará a factura e a súa data.

- Xustificantes de gastos correspondentes a custos de persoal:

  - Nóminas asinadas polo/a traballador/a e comprobantes de pagamento da retribución.
  - Documentos correspondentes ó ingreso de cotas á Seguridade Social dos/as traballadores dos/as que se achegan as nóminas: RLC e xustificantes de pagamento e RNT (antes: *TC1* e *TC2*).
  - Modelo 111 e xustificantes de pagamento correspondentes a ditas nóminas para a acreditación do ingreso na Facenda Pública das cantidades retidas.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.

- Declaración responsable sobre os seguintes extremos:

  - Que os gastos son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.
  - Que a entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.
  - Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Comunidade Autónoma de Galicia e Tesourería da Seguridade Social.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ó cobro parcial e reducción da subvención en caso de que non se execute algunha das actividades previstas no proxecto ou de que se incumpra algunha das obrigas do beneficiario. Así mesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores ós subvencionados ou se obtivesen ingresos superiores ós previstos.

**BASE 16ª.- Seguimento**

O persoal técnico do Servizo de Benestar social será o encargado do seguimento da execución das subvencións así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante a emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención e a conformidade cos documentos xustificativos presentados ou, de ser o caso, aquelas circunstancias que imposibilitan a súa aprobación.

**BASE 17ª.- Tratamento de datos de carácter persoal**

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.
Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

**BASE 18ª.- Norma final**

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigos 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, do 21 de xuño; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, o Plan Estratéxico de Subvencións 2024 – 2026, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

# ANEXO I

| SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS. | ANO: 2025 |
|---|---|

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

| NOME COMPLETO DA ENTIDADE | NIF |
|---|---|
| | |

| ENDEREZO | LOCALIDADE |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | TELEFONO | FAX | CORREO ELECTRONICO |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

| DATA DE CONSTITUCIÓN | DATA E/OU NÚM. INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS |
|---|---|
| | |

## RESPONSABLE DA ENTIDADE

| NOME E APELIDOS | DNI |
|---|---|
| | |

## DATOS DO PROXECTO

| TÍTULO DO PROXECTO |
|---|
| |

| CUSTO TOTAL DO PROXECTO | SUBVENCIÓN SOLICITADA (€) | % COFINANCIAMENTO POLA ENTIDADE |
|---|---|---|
| | | |

## FINANCIAMENTO DO PROXECTO (EN €)

| | ENTIDADE | IMPORTE |
|---|---|---|
| 1. CUSTO TOTAL | | |
| 2. SUBVENCIÓN SOLICITADA | | |
| 3. OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS) | | |
| 4. ACHEGA PROPIA | | |
| 5. ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFÍQUESE O ORGANISMO) | | |
| 6. OUTRAS PETICIÓNS REALIZADAS PENDENTES DE RESPOSTA (IDENTIFÍQUESE O ORGANISMO) | | |

## DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO

| NOME E APELIDOS |
|---|
| |

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. /1102

| ENDEREZO | TELEFONO | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

## DOCUMENTACIÓN

1. Orixinal documento de formulación do proxecto:
   - Nome do proxecto
   - Obxectivos e fins que persigue
   - Actividades a realizar
   - Número aproximado de persoas que se benefician e para as que se destina o proxecto
   - Calendario de actividades
   - Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.

2. Documentación administrativa:

a) Certificación asinada polo/a secretario/a da entidade relativa a:

- Representación da persoa responsable legal da entidade. A falta de certificación do/a secretario/a, presentarase poder bastante sobre a representación para o seu responsable.

- Acordo adoptado pola entidade para solicitar a subvención.

- Dispoñibilidade de sede central ou delegación permanente en Vigo.

- Composición do órgano de goberno da entidade (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe ós postos de representante legal e secretario/a).

- NIF da entidade.

- Nº de socios/as da asociación.

b) Declaración responsable do/a representante legal da entidade na que se faga constar que a entidade solicitante non está incursa en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o modelo que figura como Anexo II.

c) Declaración responsable do/a representante legal da entidade na que se faga constar que está ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais e coa Seguridade Social, segundo o modelo que figura como Anexo II.

d) Declaración responsable do/a representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas a entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade segundo o modelo que figura como Anexo II.

e) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais, así como o documento da designación do representante común.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

| | | | |
|---|---|---|---|
| | o | de | de |

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

# ANEXO II

| SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS. | ANO: 2025 |
|---|---|

## 1. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

DATOS DA CONTA DO/DA SOLICITANTE DA AXUDA

NOME DA ENTIDADE BANCARIA

| |
|---|
| |

Nº DE CONTA BANCARIA

| |
|---|
| |

## 2. DECLARACIÓNS

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos consignados na solicitude e acepto someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicite e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento non se atopa incursa en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiaria segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento atópase ó día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais e coa Seguridade Social e que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a esta entidade SI / NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade:

| Relación de axudas solicitadas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia) | Importe |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

| | o | de | de |
|---|---|---|---|

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

# ANEXO III

| SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS. | ANO: 2025 |
|---|---|

## CONTA XUSTIFICATIVA

**NOME DO PROXECTO**

| |
|---|
| |

| NOME COMPLETO DA ENTIDADE | NIF |
|---|---|
| | |
| ENDEREZO | LOCALIDADE |
| | |

**REPOSABLE DA ENTIDADE**

| NOME E APELIDOS | DNI |
|---|---|
| | |

## DECLARACIÓNS:

a) Que a entidade que represento recibiu unha subvención de _________________euros e realizáronse os gastos que se relacionan:

Facturas:

| PROVEDOR/EMPRESA | CIF | Nº FACTURA | CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | TOTAL.................. | |

| SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS. | ANEXO III (segue) |
|---|---|

Nóminas presentadas como xustificación:

| TRABALLADOR | NÓMINA MES | BRUTO NÓMINA | S.S. EMPRESA | CUSTO TRABALLADOR | IMPORTE APLICADO Á SUBVENCIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

b) Que os gastos que arriba se detallan son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.

c) Que a Entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.

d) A esta entidade SI/ NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade.

| Relación de axudas concedidas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia) | Importe |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

CONCELLO DE VIGO

Expte. /1102

| SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS. | ANEXO III (segue) |
|---|---|

e) Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos realizados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

f) Que a actividade foi realizada de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención e que o custo total de dita actividade foi de________________________€

g) Que se acompañan as facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente esixidos na Base 15ª. Terase en conta como importe xustificativo a base impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, a non ser que se acredite que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.

Esta entidade SI/ NON está obrigada a presentar declaración por IVE.

h) Que os gastos que constitúen rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención foron practicados, declarados, liquidados e ingresados na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

i) Que a asociación está actualmente ó corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e Concello de Vigo

---

SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE

Lugar e data

| | | | |
|---|---|---|---|
| | o | de | de |

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

# GUIÓN A SEGUIR PARA A MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

## A. SOBRE A ENTIDADE

1. **Datos da entidade solicitante**
   Nome da entidade, NIF, natureza xurídica (asociación, cooperativa, fundación, federación...), número de Rexistro de Entidades, horario habitual de atención, persoa responsable do proxecto.

2. **Ámbito prioritario de intervención da entidade.**
   Temático, poboacional ou por destinatarios/as (acción social, familias, nenos/as, xente maior, persoas recén chegadas, poboación con necesidades específicas, poboación en xeral...).

3. **Principais proxectos e/ou servizos desenvolvidos.**

4. **Recursos técnicos e materiais.**
   Recursos humanos (profesionais asalariados-as/colaboradores-as/voluntarios-as...); equipamentos ou espazos propios e outros.

## B. SOBRE O PROXECTO PRESENTADO

5. **Identificación.**
   Denominación, modalidade ou ámbito temático prioritario que aborda, lugar de realización da actividade ou servicio, persoas destinatarias, outras entidades colaboradoras, data de inicio e data de finalización.

6. **Breve descrición.**
   Resumo do proxecto, antigüidade do proxecto, orixe da idea, significación dentro da entidade ou do equipo de traballo, expectativas, oportunidade de desenvolvemento, etc.

7. **Finalidade o proxecto.**
   Situación sobre a que se require intervir, o reto do proxecto.

8. **Obxectivos.**
   Obxectivo xeral (acción xenérica que dá sentido ó proxecto), obxectivos específicos (accións concretas e ben definidas que se queren acadar).

9. **Resultados esperados.**
   O impacto concreto que terá a acción unha vez levada a cabo. Sistemas de seguimento e avaliación previstos.

10. **Recursos mínimos necesarios para desenvolver o proxecto.**
    Humanos (número de persoas que colaborarán no proxecto) infraestruturas (locais, instalacións, equipos técnicos), materiais (o que se terá que alugar ou comprar, funxible ou non) e económicos (capital mínimo para poder executar o proxecto).

11. **Plan de viabilidade económica do proxecto.**
    Gastos previstos, por tipoloxías (en recursos humanos, material, transporte, infraestruturas, viaxes e desprazamentos, aloxamento, dietas, seguros, publicidade e outros). Total de gastos previstos.
    Ingresos previstos (os aportados pola entidade, esta subvención, outras subvencións previstas, outros). Total de ingresos previstos.

12. **Plan de comunicación e publicidade.**
    Produtos previstos (carteis, dípticos, trípticos ou outros programas de man, bandoleiras, web, outros medios de difusión...). Campañas ou accións concretas de difusión.

13. **Fases do proxecto (actividades relevantes e calendario básico).**
    Fases (denominación e breve descrición de cada unha), actividades relevantes de cada fase (breve descrición do que vai pasar), calendario básico (datos do inicio e de finalización de cada actividade descrita).

**CONCELLO DE VIGO**
Expte. /1102

| SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS. | ANO: 2025 |
|---|---|

# MODELO DE RENUNCIA

| NOME COMPLETO DA ENTIDADE | | | | NIF |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| ENDEREZO | | | | LOCALIDADE |
| | | | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | TELEFONO | FAX | CORREO ELECTRONICO |
| | | | | |

RESPONSABLE DA ENTIDADE

| NOME E APELIDOS | DNI |
|---|---|
| | |

En relación á resolución pola que se nos concedeu unha subvención por importe de _______________euros para levar a cabo a actividade denominada ______________________________________________________________________________, esta entidade decidiu **RENUNCIAR** á mesma polos seguintes motivos:

**SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE**

Lugar e data

| | o | de | de |
|---|---|---|---|

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.

**Bases reguladoras.**

As Bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAS NO ANO 2025», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº .......... do ..............

**Crédito presupuestario.**

A concesión das subvencions axustarase á dotación anual da aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.489.00.00 - *"Subvencions a asociacions, entidades etc. de carácter social"* (90.000€).

**Obxecto, finalidade e destinatarios.**

As Bases aprobadas teñen por obxecto fixar os criterios para a concesión de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizios sociais, dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

**Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

**Requisitos.**

- Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.
- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.
- Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da LSG.
- Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo.

- No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.
- Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación á que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.
- Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto á convocatoria.
- Que conforme ós seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.
- Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficarios das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- Que se atopen ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Instrucción e resolución: órganos competentes.**

O Servizo de Benestar Social será o encargado da instrucción do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión técnica de valoración e a Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do procedemento e previo informe da Comisión, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria indicada.

**Presentación de solicitudes e prazo.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación será dun mes (1), contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas

Unidades de Traballo Social e na páxina web www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo http://transparencia.vigo.org

**Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

**Solicitude e documentación.**

As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I.

**Recursos.**

Contra o acordo de aprobación das Bases e a convocatoria e contra as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

**Criterios de valoración e distribución das subvencions.**

A cantidade prevista (90.000€) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida, para o que levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicando as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse algunha renuncia, ésta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, ó incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os criterios determinados nas mesmas (Base novena).

**Publicidade.**

Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notificarase a todas as entidades solicitantes a resolución estimatoria ou desestimatoria.

Publicarase na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello a información relativa as entidades beneficiarias, as axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ade-

mais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencions.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

De conformidade co previsto nos Arts. 17.3.b) e 20.8.a) da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o EXTRACTO DA CONVOCATORIA das subvencións indicadas. O seu texto íntegro pode consultarse na web da BDNS.

**Beneficiarios.**

As subvencións diríxense a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

**Obxecto e finalidade.**

Proxectos, programas e actividades presentados por asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se leven a cabo no ámbito territorial da cidade de Vigo no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos siguientes colectivos:

A) Familia e Infancia
B) Persoas maiores e persoas con discapacidade
C) Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas
D) Persoas marxinadas sen fogar
E) Persoas con adiccións, con ou sen substancia (alcohol e outras drogas, adicción ó xogo, ás apostas en internet, etc.).

**Bases reguladoras**.

As Bases reguladoras deste Programa, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº .......... do ...............

**Crédito orzamentario.**

A concesión das subvencións axustarase no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.489.00.00 (“*Subvenciones a asociacións, entidades, etc. de carácter social*”), dotada cun total de 90.000€.

**Presentación de solicitudes e prazo.**

As solicitudes, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I das Bases a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanis-

mos de identificación admitidos (https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga). O prazo de presentación será dun (1) mes, contado desde o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria.

## 6(79).- DAR CONTA DO CAMBIO DE DENOMINACIÓN SOCIAL DA EMPRESA CONTRATISTA DO SERVIZO DE AXENCIA INFORMATIVA DE NOVAS E ALERTAS EN TEMPO REAL. EXPTE. 19515/101.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/01/2025, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 14 de xullo de 2023, adxudicou a EUROPA PRESS DELEGACIONES, SA (A41606534) o *procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101)*

O contrato formalizouse o 28 de xullo de 2023.

**Segundo.-** O 13 de decembro de 2024, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº 240389335) a empresa EUROPA PRESS DELEGACIONES, SA comunica que modificou a sua denominación social pola de AGENCIA EUROPA PRESS, SA.

**Terceiro.-** En data 21 de xaneiro de 2025, dende o Servizo de Contratación requírese á contratista para que achegue a escritura de modificación da denominación social. Dentro do prazo concedido, a mercantil presenta escrito no que indican que, debido ao peso do documento no que figura a devandita escritura solicitan instrucións para o seu envío por medio distinto ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

En vista do anterior, o Departamento Administrativo de Alcaldía ponse en contacto coa contratista que remite o documento por correo electrónico e que é achegado ao expediente en data 27 de xaneiro de 2025.

Consta así, no expediente a escritura pública de formalización do cambio de denominación social de data 11 de decembro de 2024, ante o Notario de Tomelloso D. Luis Enrique Mayorga Alcázar co número 6.333 do seu protocolo.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** De conformidade coa LCSP, o cambio de denominación social non afecta a ningún dos seus elementos esenciais, non constitúe ningún suposto de sucesión do contratista dos previstos no artigo 98 da LCSP que requira acordo expreso do órgano de contratación, estimando que, ao manter o CIF anterior, bastará unha mera toma de coñecemento do referido cambio.

**Segundo.-** A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, proponse a adopción do seguinte acordo:

*"Primeiro.- Tomar razón do cambio de denominación social de EUROPA PRESS DELEGACIONES, SA a AGENCIA EUROPA PRESS, SA. como empresa contratista do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101).*

*Segundo.- Notificar este acordo ao interesado, á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal, non resultando preciso o cambio da garantía definitiva a nome da nova persoa xurídica dado que mantén o mesmo CIF".*

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 7(80).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE OFICIO DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E INSTALACIÓN DE MAQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS (VENDING) NA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 6966/241.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/01/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas. (LPAC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (PPT)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Na sesión do 27 de xaneiro de 2017 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación e autorizar a apertura do procedemento de licitación para a contratación da explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), en sesión do 7 de xuño do 2018, adxudicou á mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L. o procedemento aberto para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello, consonte co prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno local, o 27 de xaneiro do 2017, e a oferta presentada.

**Terceiro.-** O contrato formalizouse en documento administrativo o 12 de xuño do 2020 e comezou a súa execución ao día seguinte.

**Cuarto.-** O prazo do contrato é de 14 anos, fixándose un prazo parcial de 5 meses para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería.

**Quinto.-** En data 3 de novembro de 2020, D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L., presentou escrito solicitando a ampliación do prazo para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería e instalación das maquinas de vending, en cento trinta (130) días, contados a partir da finalización do prazo inicial (12 de novembro do 2020).

**Sexto.-** En data 4 de decembro de 2020, o responsable do contrato requiriu ao contratista para a presentación de diversa documentación exixida nos pregos que rexen o contrato. Este requirimento es respondido o 19 do mesmo mes indicando que non é posible a presentación da documentación requirida ata non se inicie a actividade.

**Sétimo.-** D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L. presentou, con data de entrada no rexistro xeral do 11 de xaneiro de 2021, o “Anteproxecto de reforma da cafetería e área de lecer do Concello de Vigo”, redactado polo arquitecto Hernan Valentin Gonzalez Pacheco.

**Oitavo.-** En data 11 de novembro de 2021, a XGL acordou a modificación deste contrato. Esta consiste en introducir variacións de obra na “Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello” recollida como Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares. Esta modificación, que non implicou custe económico, formalizouse en documento administrativo o 29 de novembro de 2021 (expediente 6645-241).

**Noveno.-** O 26 de xaneiro de 2022 o responsable do contrato requeriu ao contratista o cumprimento de contrato, conminándolle a presentar o Proxecto Básico e de Execución para a realización das obras de investimento referidas, coas modificacións de unidades de obra acordadas, outorgándolle ao efecto un prazo de 15 días.

**Décimo.-** RESTAURACIÓN A-52 S.L., o 3 de marzo de 2022, solicita unha ampliación do prazo da data límite para a presentación do proxecto básico, execución das obras e posta en funcionamiento da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) ns dependencias municipais, ata o día 30 de xuño do ano 2022.

**Undécimo.-** A XGL, en data 28 de abril acordou:

> “PRIMEIRO.- Denegar a ampliación do prazo da data limite para la presentación do proxecto básico, execución das obras de posta en funcionamento da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais, ata o 30 de xuño do 2022, solicitado pola contratista RESTAURACIÓN A-52, S.L

SEGUNDO.- Requirir á RESTAURACIÓN A-52, S.L, o cumprimento do contrato asinado o 12/6/2020 (modificado o 29/11/2021), debendo presentar nun prazo de 15 días, o proxecto básico e de execución das obras de investimento recollidas na “Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello”, de acordo co sinalado na Cláusula 31 do PCAP.

TERCEIRO.- Iniciar actuacións previas para determinar o grado de cumprimento do contrato pola contratista - RESTAURACIÓN A-52, S.L. e, no seu caso, da incoación dun procedemento sancionador”.

**Duodécimo.-** En data 20 de maio de 2022, o responsable do contrato, tras crear un expediente de dilixencias previas (expediente 21008-240), requiriu ao contratista a remisión de informe detallado sobre o estado de execución do contrato e das actuacións efectuadas ao efecto, xunto coa documentación acreditativa das mesmas, e formulación no seu caso de alegacións, ao non constar que no tempo transcorrido dende a data de inicio do contrato tivera dado cumprimento as súas obrigas previstas no Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexe o contrato, concedéndolle ao efecto un prazo de 15 días. En resposta a este requirimento, o contratista, en escrito presentado no Rexistro xeral deste Concello o 14 de xuño de 2022, formula alegacións, sinalando que non pode afrontar a apertura do local obxecto do contrato asinado co Concello, debido a razóns económicas derivadas da pandemia (COVID-19) e ao aumento indiscriminado dos prezos da electricidade, combustibles e produtos alimenticios.

**Décimo terceiro.-** En data 22 de xullo de 2022, a Tesouraría municipal, a requirimento do responsable do contrato, emite informe sinalando o non ingreso do canon mensual polo contratista dende o inicio do contrato.

**Décimo cuarto.-** En data 31 de xaneiro de 2024 a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal acordou:

“1º.- Iniciar procedemento de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de maquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello asinado, en data 12/06/2020, entre o Concello e a mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L, por causa imputable a contratista ao non cumprir cos prazos parciais fixados para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería; prestación do servizo; e pola falta de pagamento do canon.
2º.- Notificarlle ao contratista o presente acordo, concedéndolle audiencia polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte ao da notificación, co fin de que poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveniente.
3º.- Dar trámite de audiencia a Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A, na súa calidade de avalista, sobre a incautación da garantía definitiva, polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte ao da notificación, co fin de que poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveniente.”

**Décimo quinto.-** RESTAURACIÓN A-52, S.L, formula alegacións durante o prazo de trámite de audiencia conferido ao efecto, presentando escrito o 16 de febreiro de 2024 no rexistro xeral deste Concello. Non así o avalista.

**Décimo sexto.-** A xefa da área de Xestión patrimonial e Territorial., en data 29 de abril de 2024, informa que *"en relación co procedemento de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de maquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello, significolle que as circunstancias que xustificaron a proposta de data 12.08.2022, seguen sendo as mesmas, sen que conste documentación nova ou manifestación da adxudicataria que cuestionen a proposta no seu tempo formulada".*

**Décimo sétimo.-** En data 30 de abril a xefa da área de Contratación e Novos proxectos formula proposta de resolución ao órgano de contratación, que é conformado pola Titular da Asesoría Xurídica e o Interventor Xeral en datas 2 e 3 de maio respectivamente.

**Décimo oitavo.-**En data 10 de maio de 2024 remítese ao Consello Consultivo de Galicia copia dixital do expediente completo e da proposta de resolución, aos efectos de SOLICITAR ditame preceptivo.

**Décimo noveno.-**En data 12 de maio de 2024 o Consello Consultivo de Galicia emite ditame (CCG 194/2024) declarando a caducidade do procedemento de resolución.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### -I-
### Natureza da declaración de caducidade do expediente de resolución dun contrato e lexislación aplicable

A declaración de caducidade é unha forma de terminación anormal dos procedementos administrativos. Orixinase pola concorrencia de dous circunstancias:

- O transcurso do tempo.
- A inactividade do administrado ou da administración.

O procedemento obxecto deste informe é a explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais. Incoouse por acordo da XGL de 27 de xaneiro de 2017. Foi adxudicado pola XGL o 7 de xuño do 2018 a RESTAURACIÓN A-52, S.L.

O expediente de resolución que nos ocupa iniciouse 31 de xaneiro de 2024 por acordo da XGL.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

–Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público

–Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

–Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP.

Todo elo sen prexuízo de que o exercicio das prerrogativas da Administración, en canto potestades exorbitantes do contrato, réxanse polo disposto na lexislación vixente no momento en que pretendan exercitarse. Efectivamente, é unánime a doutrina xurisprudencial que considera que con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, neste caso a resolución, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, que na súa reunión do 13 de febreiro de 2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26 de febreiro 2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cínguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta polo Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a normativa procedimental propia da resolución do contrato é a prevista na nova LCSP.

Con relación ao prazo para ditar resolución no citado procedemento, prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferencia das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro

electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista. No entanto, tal e como sinala o ditame do Consello Consultivo CCG 194/2024, este prazo non resulta aplicable ás entidades locais, por non ter o artigo 212.8 da LCSP carácter de lexislación básica. Doutrina confirmada pola sentenza do Tribunal Supremo do 29.1.2024, recurso de casación 1028/2021. En consecuencia, o citado ditame CCG 194/2024 determina que "ante a falta de carácter básico do artigo 212.8 da LCSP e a ausencia dunha previsión autonómica reguladora do prazo para resolver os procedementos de resolución de contratos, procede entender aplicable o prazo de tres meses previsto no artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC), tendo en conta a remisión á dita lei que contén á disposición derradeira cuarta da LCSP".

Tendo en conta que o acordo de incoación do expediente aprobouse o día 31 de xaneiro de 2024, e que non tivo lugar a suspensión do prazo de resolución por non ter concorrido ningún dos supostos previstos no artigo 22 LPAC, o acordo de resolución debería terse producido antes do 30 de abril do ano 2024, e se ben a proposta de resolución ditouse antes desa data, producíronse con posterioridade outras actuacións como a conformidade da asesoría xurídica e da intervención xeral, así como a Resolución da Alcaldía, pola que se solicita a emisión do preceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia.

**-II-**

**Dos efectos da caducidade**

A falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio está regulada no artigo 25.1 da LPAC. Segundo esta norma o vencemento do prazo máximo sen que se tiña ditado e notificado resolución expresa non exime á Administración da obriga de resolver. E establece como efecto da falta de resolución nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, que producirase a caducidade.

A caducidade é unha causa de terminación dos procedementos, pero non xera automaticamente dicha terminación polo transcurso do tempo establecido para resolver os mesmos, senón que require dunha resolución expresa que a declare. Así o recoñecen, tanto a doutrina dos órganos consultivos, como a xurisprudencia. Nesta liña, declara a Sentenza da Sala 3ª do Tribunal Supremo de 3 de decembro de 2020 que "*la caducidad comporta una causa de terminación de los procedimientos, pero no genera, por sí misma, dicha terminación, porque requiere una resolución expresa que la declare, pudiendo incluso la Administración, pese a concurrir el presupuesto de hecho, que es objetivo, rechazarla en supuestos excepcionales (artículo 95.4º). Y ello es consecuente con los efectos de la caducidad, que no es sino una forma de terminación del procedimiento, de una terminación anormal, podríamos decir, como con otra terminología y salvando las diferencia, se establece para el proceso contencioso en su Ley reguladora (...) «en tanto no se haya dictado la resolución expresa declarando la terminación del procedimiento por caducidad, el procedimiento en*

*que se ejerciten potestades de gravamen, ha de considerarse vigente, por más que hubiese transcurrido el plazo de caducidad, porque no es el mero transcurso del plazo el que genera la terminación del procedimiento —-será su presupuesto —, sino la resolución que así lo ordena*".

A resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións (artigo 95.1 LPAC).

Os efectos da caducidade son os seguintes (artigo 95.3 LPAC):

- O arquivo das actuacións.
- A declaración de caducidade e a extinción do procedemento non producirán por si sós a prescrición de accións, aínda que os procedementos caducados non interromperan o prazo de prescrición.
- Se fora posible a iniciación dun novo procedemento por non terse producido a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade. En calquera caso serán trámites ineludibles do novo procedemento:
    - As alegacións.
    - A proposición de proba.
    - A audiencia ao interesado.

Como excepción, a lei permite non aplicar a caducidade cando a cuestión suscitada afecte ó interese xeral, o ben fora convinte substanciala para a súa definición e esclarecemento (artigo 95.4 LPAC). No entanto, o lóxico é entender que esta posibilidade refírese exclusivamente, aos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o contrario implicaría deixar en mans da Administración que non ditou a resolución en prazo, declarar ou non a caducidade.

No caso que nos ocupa, a xuízo da informante, non concorren as premisas esixidas no artigo 95.4 LPAC, e consecuentemente procede a declaración de caducidade. Máis é necesario incoar un novo procedemento de liquidación do contrato, polo que deberán conservarse as actuacións practicadas no expediente caducado cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade.

**-III-**
**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Declarar a caducidade do expediente incoado pola Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, en data 31 de xaneiro de 2024, de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de maquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello , polo transcurso do prazo de resolución.*

*2º.- Proceder ao arquivo do expediente, de conformidade co establecido no artigo 95 da LPAC.*

*3º.- Se fora posible a iniciación dun novo procedemento por non terse producido a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade.*

*4º.-Notificar este acordo ao interesado, con indicación expresa dos recursos procedentes”.*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 8(81).- ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADORÍA DOS TRIBUNAIS PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17501/111.

Visto o informe de fiscalización do 30/01/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Acordo marco para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais para o Concello de Vigo (17.501-111) (emenda de documentación)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o acordo marco para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais para o Concello de Vigo (17.501-111)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 18 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación numerado como 17501/111, de contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, coas características definidas no Prego de prescricións técnicas do 20 de setembro do 2024 redactado pola Asesoría Xurídica e no Prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de outubro do 2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen neste expediente.*

*Segundo.- Aprobar o gasto máximo por importe de 141.851,28 € para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais"), de conformidade coa seguinte distribución:*

| | *Importe sen IVE* |
|---|---|
| *Importe primeiro ano do contrato 2025* | *70.925,64 €* |
| *Importe segundo ano do contrato 2026* | *70.925,64 €* |

*Os importes anteriores incrementaranse co importe correspondente ao tipo impositivo do IVE, sendo na actualidade do 21%.*

*Ao tratarse dunha tramitación anticipada de gasto e un gasto plurianual, queda subordinada á existencia de crédito que para cada exercicio se consignen nos respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 117.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*E aprobar tamén o gasto máximo por importe de 300 €, para atender os gastos notariais relativos ao documento de apoderamento en favor dos licitadores seleccionados a través deste procedemento, con cargo á mesma partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de contratación segundo os trámites recollidos na normativa actualmente en vigor".*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 23 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste acordo marco para a contratación dos servizos de*

*procuradoría dos tribunais para o Concello de Vigo (17501-111) na seguinte orde descendente:*

*- Lote 1*

| | *Licitadores* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *Maria Jesús Nogueira Fos* | *68,75* |
| *2* | *Paula Llordén Fernández-Cervera* | *64,00* |

*- Lote 2*

| | *Licitadores* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *Garrido Procurador e Asociados, SLP* | *71,50* |
| *2* | *Begoña Millán Iribarren* | *62,00* |
| *3* | *Sagrario Queiro García* | *40,00* |

*- Lote 3*

| | *Licitadores* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *Maria del Mar Villa, SL* | *67,75* |

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados: Maria Jesús Nogueira Fos e Paula Llordén Fernández-Cervera, para o Lote 1; Garrido Procurador e Asociados, SLP e Begoña Millán Iribarren, para o Lote 2; e, Maria del Mar Villa, SL, para o Lote 3, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo".

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados, Maria Jesús Nogueira Fos e Paula Llordén Fernández-Cervera, no Lote 1; Garrido Procurador e

Asociados, SLP e Begoña Millán Iribarren, no Lote 2; e, Maria del Mar Villa, SL, no Lote 3, o día 27 de decembro de 2024, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 17 de xaneiro de 2025, comprobada a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a Maria Jesús Nogueira Fos e Paula Llordén Fernández-Cervera, para o Lote 1; Garrido Procurador e Asociados, SLP e Begoña Millán Iribarren, para o Lote 2; e, Maria del Mar Villa, SL, para o Lote 3 para que puideran emendar a documentación relativa a:

1. Maria Jesús Nogueira Fos: o anexo II e a solvencia económica.
2. Paula Llordén Fernández-Cervera: o anexo II e o certificado de débedas da ATRIGA.
3. Garrido Procurador e Asociados, SLP: o anexo II.
4. Begoña Millán Iribarren: a solvencia económica e a solvencia técnica.
5. Maria del Mar Villa, SL: o anexo II.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

**- LOTE 1**

**María Jesús Nogueira Fos**

- O DNI da adxudicataria.
- Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incursa en prohibición de contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira presenta Seguro de RC profesional e declaración con compromiso de mantemento do mesmo.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional presenta certificado do Colexio de procuradores de Vigo, relación de traballos e declaración.
- Acreditación dos medios materiais a adscribir á execución do contrato e da habilitación profesional esixidos na cláusula 9 do PCAP.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**- LOTE 1**

**Paula Llordén Fernández-Cervera**

- O DNI da adxudicataria.
- Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incursa en prohibición de contratar.

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira presenta Seguro de RC profesional e declaración con compromiso de mantemento do mesmo.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional presenta certificado do Colexio de procuradores de Vigo, relación de traballos e declaración.
- Acreditación dos medios materiais a adscribir á execución do contrato e da habilitación profesional esixidos na cláusula 9 do PCAP.
- Certificado positivo de débedas da ATRIGA.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

**- LOTE 2**

**Garrido Procurador e Asociados, SLP**

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI, asi como, o certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, onde figuran os anteriores datos e a declaración de non estar incursa en prohibición de contratar.
- Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incursa en prohibición de contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira presenta Seguro de RC profesional e declaración con compromiso de mantemento do mesmo.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional presenta certificados de boa execución, relación de traballos e declaración.
- Acreditación dos medios materiais a adscribir á execución do contrato e da habilitación profesional esixidos na cláusula 9 do PCAP.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**- LOTE 2**

**Begoña Millán Iribarren**

- O DNI da adxudicataria.
- Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incursa en prohibición de contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira presenta Seguro de RC profesional e declaración con compromiso de mantemento do mesmo.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional presenta certificados de boa execución e relación de traballos.

- Acreditación dos medios materiais a adscribir á execución do contrato e da habilitación profesional esixidos na cláusula 9 do PCAP.
- Certificados positivos de débedas da  AEAT, a TGSS e a ATRIGA

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**- LOTE 3**

**Maria del Mar Villa, SL**

- A escritura de constitución da licitadora na que figuran os estatutos xunto co nomeamento da representante e o seu DNI.
- Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incursa en prohibición de contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira presenta Seguro de RC profesional e declaración con compromiso de mantemento do mesmo.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional presenta certificado do Colexio de procuradores de Madrid coa relación de traballos.
- Acreditación dos medios materiais a adscribir á execución do contrato e da habilitación profesional esixidos na cláusula 9 do PCAP.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de xaneiro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-**  A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar Maria Jesús Nogueira Fos e Paula Llordén Fernández-Cervera, para o Lote 1; Garrido Procurador e Asociados, SLP e Begoña Millán Iribarren, para o Lote 2; e, Maria del Mar Villa, SL, para o Lote 3, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formuladas por Maria Jesús Nogueira Fos e Paula Llordén Fernández-Cervera, para o Lote 1; Garrido Procurador e Asociados, SLP e Begoña Millán Iribarren, para o Lote 2; e, Maria del Mar Villa, SL, para o Lote 3, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 3 e 18 de decembro de 2025, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar o Acordo marco para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais para o Concello de Vigo (17.501-111) aos seguintes licitadores:*

*- Lote 1:*

*1. Maria Jesús Nogueira Fos, cunha porcentaxe única de redución das contías máximas fixadas polas disposicións arancelarias vixentes: 12 (%).*

*2. Paula Llordén Fernández-Cervera, cunha porcentaxe única de redución das contías máximas fixadas polas disposicións arancelarias vixentes: 12%.*

*- Lote 2:*

1. *Garrido Procurador e Asociados, SLP, cunha porcentaxe única de redución das contías máximas fixadas por las disposicions e puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes: 20 %*
2. *Begoña Millán Iribarren, cunha porcentaxe única de reducción das contías fixadas polas disposicións arancelarias vixentes: 20%*

*- Lote 3:*

*1. Maria del Mar Villa, SL, cunha porcentaxe única de redución das contías máximas fixadas polas disposicións arancelarias vixentes: 18 %*

*Todo isto de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(82).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL. EXPTE. 1908/441.**

Visto o informe de fiscalización do 30/01/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (1.908-441) (emenda de documentación)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (1.908-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 6 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do "SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO ", cun orzamento base de*

*licitación que ascende a un total de SETECENTOS NOVENTA E OITO MIL TRESCENTOS OITENTA E NOVE EUROS" (798.389,00 €), Ive engadido.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial e a Enxeñeira Industrial e conformado polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 13.05.2024, que conten os anexos, asinados con data 16.05.2024; ANEXO I: INVENTARIO DE INSTALACIÓNS, ANEXO II: GAMAS DE MANTEMENTO PREVENTIVO, ANEXO III: RELACIÓN DE MATERIAL FUNXIBLE, ANEXO IV: LISTAXE DE PREZOS MATERIAIS ESPECÍFICOS DAS INSTALACIÓNS, ANEXO V: BASE DE PREZOS DA CONSTRUCIÓN, ANEXO VI: PLANOS DO EDIFICIO*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 04.09.2024.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe total de SETECENTOS NOVENTA E OITO MIL TRESCENTOS OITENTA E NOVE EUROS" (798.389,00 €) , sendo o importe correspondente ao IVE, o importe de 138.563,38 €.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello na aplicación orzamentaria 9200.212.00.00 (Conservación e reparación dependencias municipais,), de acordo a seguinte distribución por anualidades:*

| Anualidade | Total |
|---|---|
| 2024 | 65.006,97 € |
| 2025 | 396.842,57 € |
| 2026 | 336.539,46 € |
| TOTAL | 798.389,00 € |

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 23 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte aos informes asinados pola enxeñeira técnica industrial e o xefe da Área de Servizos Xerais o 13 de decembro de 2024:*

1. *COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, SAU*
2. *SAMYL FACILITY SERVICES, SL*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (1908-441) na seguinte orde descendente:*

| | **Licitadores** | **Puntuación total** |
|---|---|---|
| **1** | ***OHL SERVICIOS INGESAN, SA*** | ***89,86*** |
| *2* | *SERVEO SERVICIOS, SAU* | *81,83* |
| *3* | *CLECE FS, SA* | *78,40* |
| *4* | *ACCIONA FACILITY SERVICES, SA* | *68,28* |
| *5* | *VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU* | *52,26* |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OHL SERVICIOS INGESAN, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OHL SERVICIOS INGESAN, S.A., o día 27 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 13 de xaneiro de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 17 de xaneiro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgarlle un prazo de 3 días naturais para que puidera emendar a documentación relativa á ampliación da garantía definitiva por mor do erro no importe indicado no requirimento, aos Anexos IV e V do PCAP e á solvencia económica e financeira. Durante o prazo concedido o licitador presenta a documentación en prazo o 21 de xaneiro de 2025.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de xaneiro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS INGESAN, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OHL SERVICIOS INGESAN, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 25 de novembro e 16 de decembro de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Primeiro.- Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 23 de decembro de 2024 dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte aos informes asinados pola*

*enxeñeira técnica industrial e o xefe da Área de Servizos Xerais o 13 de decembro de 2024:*

- *COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, SAU*
- *SAMYL FACILITY SERVICES, SL*

*Segundo.- Adxudicar a OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. o procedemento aberto para a contratación do mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (1.908-441) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 732.352,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 127.102,51 euros:*

| | *Importe C/IVE* | *Importe IVE* |
|---|---|---|
| *Prezo total* | *732.352,54€* | *127.102,51 €* |
| *Parte fixa* | *405.652,54 €* | *70.402,51 €* |
| *Parte variable* | *326.700,00 €* | *56.700,00 €* |

b) *Propón unha porcentaxe de desconto do 17% a aplicar aos prezos unitarios de materiais detallados no cadro do Anexo IV do PPTP .*

c) *Propón unha porcentaxe de desconto do 15 % a aplicar aos prezos unitarios relativos a orzamento e medicións detallados no cadro do Anexo V do PPTP .*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(83).- BASES E CONVOCATORIA DE "SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024/2025". EXPTE. 24446/333.**

Visto o informe xurídico do 15/01/2025, e o informe de fiscalización do 03/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**INTRODUCIÓN**

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsquea da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A procura dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2025 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro", un crédito por un importe total de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo e nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo

documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".*

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno;así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades deportivas obxecto da convocatoria e a súa condición de ser entidades sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2024/2025 e súa convocatoria.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por importe de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros) con cargo á partida ornamentaría 3410.489.00.00 "Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro" do orzamento do ano 2025.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2024/2025.

O obxecto desta convocatoria é a promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, ao abeiro das competencias municipais previstas no art. 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita competencia atopase recollida no art. 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2025-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a apoiar ó tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo como reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación vinculados cos valores deportivos, a mellorar os recursos para a dinamización de proxectos deportivos na cidade de Vigo, a colaborar cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués, a colaborar co desenvolvemento de proxectos deportivos que garantan ós e ás xóvenes deportistas da cidade unha continuidade e futuro no seu entorno,

a optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar  a imaxe deportiva de Vigo, e a fomentar a actividade deportiva como vehículo e ferramenta vinculada doa vida sa.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2025 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro", un crédito por un importe total de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2024/2025 ou durante o ano 2025 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas. Estes gastos poderán ter relación entre outros a gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamentos e comidas, arbitraxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, gastos telefónicos, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da tempada 2024/2025, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

A tempada deportiva 2024/2025 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de deportes, no informe que se axuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

**TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E  CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 "Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova

convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

**CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións tramitadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2024/2025.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a solicitude ou obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto da presente subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento da solicitude ou en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- As entidades subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2024/2025.

4. As entidades deberán estar integradas na federación correspondente, tendo a obriga de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2024/2025 ou no ano 2025 se se trata de modalidades que desenvolven a súa tempada por ano natural. Exceptuarase da obriga de estar integradas nunha federación deportiva a entidades que cumpran un dos seguintes requisitos:

- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade e de duración anual.
- Desenvolvan programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinadas a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición deportiva non federada, cunha duración regular e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.

5. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención

das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

6. Débedas coas Administracións Públicas:

- As entidades que soliciten subvencións por importe superior a 3.000,00€ deberán :

- Acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- De acordo co establecido no art. 22 da LXS, a presentación da solicitude de subvención implicará a autorización da entidade solicitante para que o Concello de Vigo obteña os certificados telemáticos relativos ao cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (arts. 18 e 19 LXS) e co Concello de Vigo.
- As entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

Non obstante, o solicitante poderá rexeitar expresamente o consentimento para a obtención dos certificados de débedas ao abeiro do establecido no apartado 4 do artigo 22 do RLXS, debendo aportar neste caso as certificacións necesarias nos termos previstos nas bases da convocatoria.

**SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas nos arts. 14 da LXG e art. 11 da LSG, as que seguen:

a) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
c) Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para o procedemento de concesión da subvención.
d) Dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
e) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
f) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

**SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 99 puntos:
a) Actividade xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia do proxecto e da entidade deportiva no ámbito da cidade: Valorarase de forma xeral o proxecto, con ata 15 puntos, sempre que este reúna as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable e tendo en conta os seguintes criterios:

- Desenvolvemento dun programa de deporte de base.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial (provincial autonómico, nacional ou internacional) das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

a.2. Organización de eventos deportivos que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase un só evento por entidade.
A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo.
Para ser tido en conta, o proxecto deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado de acordo cos criterios indicados de valoración.

Valoraranse de forma xeral os proxectos, con ata 15 puntos, sempre que estes reúnan as condicións mínimas para que se consideren técnica e economicamente viables e tendo en conta os seguintes criterios:

- Volume de participación.
- Nivel deportivo da competición.
- Oficialidade da competición (incluída no calendario oficial da federación)
- Ámbito territorial da competición (Internacional, nacional, autonómico, provincial ou local).
- Antigüidade do proxecto.
- Atención ó deporte feminino.
- Atención ó deporte adaptado.
- % de financiamento privado.

b) Promoción do deporte base: Número total de licencias de base (ata categoría previa á absoluta incluída). Ata 35 puntos
Volume total de licencias ata a categoría previa á absoluta e puntuación (*excepto Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, Iudo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 10 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 200 licencias.
- 12 puntos: De 201 a 250 licencias.
- 15 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 18 puntos: De 301 a 350 licencias.
- 20 puntos: De 351 a 400 licencias.
- 25 puntos: De 401 a 450 licencias.
- 35 puntos: >450

Volume total de licencias de base (ata categoría previa á absoluta incluída) para Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, Iudo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.

- 4 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 5 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 7 puntos: De 1.201 a 1.300 licencias.
- 9 puntos: De 1.301 a 1.400 licencias.
- 12 puntos: De 1.401 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: De 1.501 a 2.000 licencias.
- 22 puntos: De 2.001 a 2.300 licencias.
- 35 puntos: > de 2.300 licencias.

c) Promoción do deporte feminino:

c.1. Número de licencias FEMININAS DE CATEGORÍAS PREVIAS Á ABSOLUTA: Ata 6 puntos
Volume de licencias FEMININAS DE CATEGORÍAS PREVIAS Á ABSOLUTA (*excepto Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, Iudo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 45 licencias.
- 3 puntos: De 46 a 60 licencias.
- 4 puntos: De 61 a 90 licencias.
- 6 puntos: >90 licencias.
-

Volume de licencias FEMININAS DE CATEGORÍAS PREVIAS Á ABSOLUTA para Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, Iudo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 65 a 125 licencias.
- 2 puntos: De 126 a 250 licencias.
- 3 puntos: De 251 a 350 licencias.
- 4 puntos: De 351 a 450 licencias.
- 6 puntos: >450 licencias.

c.2. Número de licencias FEMININAS CATEGORÍA ABSOLUTA: Ata 2 puntos
Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, Iudo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 puntos: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: >100 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, Iudo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 200 a 300 licencias.
- 2 puntos: >300 licencias.

d) Desprazamentos de ámbito nacional durante a fase regular das competicións en modalidades de deporte colectivo: Ata 5 puntos.
Outorgarase 1 punto por cada un dos desprazamentos a competicións que se celebren fora da comunidade de Galicia durante a fase regular das seguintes competicións (ata un máximo de 5 puntos en total):

| MODALIDADE | CATEGORÍA |
|---|---|
| Baloncesto | Liga EBA , Liga Feminina 2 e 1.ª nacional feminina. |
| Balonmán | 1.ª división masculina e feminina. |
| Fútbol | 2.ª RFEF Feminina, 3.ª RFEF masculina e feminina. |
| Fútbol sala | 2.ª división nacional masculina, 2.ª división nacional B masculina e 2.ª división nacional feminina |
| Hóckey sobre patíns | OK Liga bronce feminina e masculina. |

| | |
|---|---|
| Rugby | División de honra B feminina e masculina. |
| Voleibol | 1.ª división feminina e masculina |
| Volei praia | Liga nacional de Volei praia masculina e feminina |
| Water-polo | División de honra feminina e masculina, 1.ª división nacional masculina e feminina. |

Poderanse incorporar novas modalidades e competicións de ámbito estatal; o servizo instrutor realizará cantas comprobacións sexan necesarias coa federación correspondente para certificar o ámbito das competicións non contempladas inicialmente ao efecto de comprobar o cumprimento do criterio.

e) Deporte e discapacidade: 3 puntos.
Outorgaranse 3 puntos ós proxectos deportivos de entidades deportivas federadas cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

f) Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais para adestramentos e competicións deportivas. Ata 18 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 18, por cada 600,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2024. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 600,00€ de gasto acreditado.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2024/2025, ou en calquera caso, no ano 2025 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a totalidade das solicitudes admitidas no proceso.

3.- O importe máximo da subvención a unha entidade será de 35.000,00€ e non poderá superar o 100% do custo total da actividade. En caso de superarse estes límites, aplicarase o factor de corrección necesario.

**NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

**DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura

electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente pola persoa que represente da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

Todas as solicitudes, así coma as posibles emendas telemáticas , deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

**DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude de subvención.
- Anexo I.2. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos da tempada 2024/2025.
- Anexo I.3. Declaración responsable.
- Anexo I.4. Certificado da Federación no que se detalle definido o número de licencias **desglosado por categoría e xénero**, da tempada 2024/2025, ou do ano 2025 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.
- **Só para entidades de deportes colectivos con desprazamentos de ámbito nacional (Base 7ª.d):**
    - Anexo I.5. Declaración responsable desprazamentos.
    - Calendario oficial do/s equipos con desprazamentos nacionais detallados no anexo I.5.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Documento emitido pola Xunta de Galicia que acredite a composición da actual xunta directiva ou documento acreditativo da representación do solicitante ao abeiro do establecido polo art. 5 da Lei 39/2015, de PAC que acredite a composición da actual xunta directiva
- Copia do D.N.I. da persoa representante da entidade que formule a solicitude de subvención.
- Proxecto das actividades da entidade que desenvolva, como mínimo, os apartados do seguinte índice:
    - ÍNDICE MEMORIA:

1. Descrición xeral da entidade que inclúa datos sobre a estrutura da mesma (Técnica e administrativa), a antigüidade do proxecto, valoración/descrición da repercusión social no seu ámbito de actuación, etc.
2. Relación numerada de competicións nas que os/as deportistas e/ou equipos da entidade participan durante a tempada regular, que conteña:
   - Relación de equipos (no caso de deportes colectivos) ou de competicións (no caso de modalidades individuais) nas que se detalle:
     - Categoría de cada competición.
     - O ámbito territorial de cada unha das competicións (local/provincial, autonómico, nacional ou internacional).
     - O número de xornadas da competición regular de cada un dos equipos ou das competicións no caso de modalidades individuais.
     - Xénero dos/das deportistas en cada un dos casos.
3. Relación e descrición de actuacións paralelas á competición federada que a entidade desenvolve:
     - Participación no programa municipal de escolas deportivas.
     - Actuacións ou iniciativas orientadas a colectivos vulnerables.
     - Actuacións ou iniciativas orientadas á igualdade.
     - Actuacións ou iniciativas orientadas ó deporte de formación.
     - Actuacións ou iniciativas orientadas ó deporte de alto nivel.
4. Información gráfica: Imáxenes de competicións, deportistas, etc.

- **Só para solicitantes de subvención por importe superior a 3.000,00 €**, Certificado de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa **Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.**
- **Só para solicitantes de subvención pola organización de eventos: Documentación obrigatoria:**
  - Anexo I.6. Orzamento evento deportivo.
  - Anexo I.7. Ficha resumo do evento
  - Proxecto do evento completo.

3.- De conformidade co establecido na base quinta en relación cos arts. 14 da LXS e 22 do RLXS, para a tramitación deste procedemento o Concello de Vigo obterá de oficio os seguintes documentos elaborados polas diferentes adminsitracións públicas, coa excepción do Certificado da Consellería de Facenda (ATRIGA) que deberá presentar expresamente cada solicitante respecto a ditas débedas con dita adminsitración:

- Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitada no formulario e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

**DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou emende a mesma no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

**DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.
2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.
O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación , se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Aos efectos da LXS enténdese que se subcontrata cando a entidade solicitante concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por sí mesma da actividade subvencionada (art. 29.1 LXS).

**DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2025 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. "Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan".

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo,** por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable
- Anexo II.3. Balance de ingresos e gastos
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluiranse os datos referentes ás competicións nas que participaron os equipos ou deportistas vinculados á entidade, os equipos ou deportistas que a integran, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico,...).
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:
  - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
    - Datas de emisión das facturas:
      - Nas modalidades cuxa tempada se corresponda co ano natural 2025 admitiranse facturas do período correspondente á temporada de cada modalidade. No resto de modalidades admitiranse facturas con data de emisión comprendida entre os 30 días previos ó inicio da competición e a data de fin de tempada detallados pola Federación no Anexo I.5.

  - **Importe xustificativo:** Terase en conta como importe xustificativo a *Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente* que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes

do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.
- Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.
- **Instalacións Deportivas:** O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas das entidades beneficiarias en concepto de usos de instalacións deportivas municipais durante o ano 2024, e incorporará o dato correspondente á valoración da solicitude.
- Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

- *Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.*

**DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

**DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó art.31.7.e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

**1. Perda do dereito ao cobro:**

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da LSG e no Título IV da LXS, así como no previsto na normativa de desenvolvemento

**VIXÉSIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.**

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, a solicitude da beneficiaria, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou

obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

**VIXÉSIMO SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A presente convocatoria rexerase por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2025, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXOS

| ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADE DEPORTIVAS TEMPADA 2024/2025** | | | | | |
| Entidade | | | | CIF: | |
| Modalidade: | | | | | |
| Enderezo | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf. 1 | | Tlf.2 | | Fax: | |
| E-Mail a efectos de notificación | | | | | |
| E na súa representación, co cargo de Presidente/a: | | | | | |
| Apelidos: | | Nome: | | DNI: | |
| Enderezo: | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf 1: | | Tlf 2: | | E-mail: | |

**SOLICITA,**

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención con cargo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola actividade desenvolvida pola entidade durante a Tempada deportiva 2024/2025 por importe de:

| | |
|---|---|
| IMPORTE SOLICITADO (Campo obrigatorio) | € |

**Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:**

1.Anexo I.1: Instancia de solicitude.
2. Anexo I.2: Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos da Tempada 2024/2025 ou 2025 nos casos de duración ano natural.
4. Anexo I.3: Declaración responsable.
5. Anexo I.4: Certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste nº de licencias por categoría e por xénero.
6. Proxecto completo de actividade.
7. Acreditación da composición da actual xunta directiva.
8. Copia do DNI da persoa representante da entidade que formule a solicitude de subvención
9. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.
10. Copia do CIF da entidade solicitante.
11. **Só para entidades que soliciten subvención por importe superior a 3.000,00€,** Certificado emitido pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ó corrente coas obrigas tributarias.

**Só para entidades que soliciten subvención pola organización dun evento deportivo:**

12. Anexo I.5. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos do evento.
13. Anexo I.6. Ficha resumo do evento.
14. Proxecto/Memoria completo do evento: A solicitude de subvención, para ser valorada, deberá ser presentada xunto cunha memoria completa e detallada da actividade realizada ou a realizar, e cun orzamento de ingresos/gastos detallado diferenciado do orzamento xeral da entidade.

**ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.**

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos relativos as obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social. No caso de non outorgar o consentimento deberá marcar a seguintes ☐ casilla: En consecuencia achego certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social.

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ( www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Sinatura dixital do/a presidente/a

| |
|---|
| |

Vigo, na data da sinatura dixital

**Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES**

## ANEXOI.2.-ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS TEMPADA 2024/2025

| | | | |
|---|---|---|---|
| Don/Dna | | DNI | |
| Presidente/a da entidade deportiva | | CIF. | |

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos previsto para a tempada 2024/2025 son os seguintes:

| CONCEPTO INGRESOS | IMPORTE |
|---|---|
| Ingresos socios | € |
| Ingresos patrocinadores Privados | € |
| Subvención Concello de Vigo (Debe coincidir co importe **da subvención solicitada** ó Concello de Vigo detallada no Anexo I.1**)** | € |
| Fundación Deporte Galego | € |
| Deputación de Pontevedra | € |
| Outras subvencións do Concello de Vigo | € |
| | € |
| Ingreso Total evento deportivo (No caso de solicitalo. Debe coincidir, no seu caso, co ingreso total do anexo I.6) | € |
| | € |
| | € |
| TOTAL INGRESOS* (Debe coincidir co importe do total de gastos) | € |

| CONCEPTO GASTOS | IMPORTE |
|---|---|
| Gastos federativos (Licencias e mutualidades) | € |
| Gastos Material | € |
| Gastos desprazamentos | € |
| Gastos aluguer instalacións | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| Gasto Total evento deportivo (No caso de solicitalo. Debe coincidir, no seu caso, co gasto total do anexo I.6) | € |
| | € |
| TOTAL GASTOS* (Debe coincidir co importe do total de ingresos) | € |

Vigo, na data da sinatura dixital

| Sinatura dixital do/da Presidente/a |
|---|
| |

***Os totais de ingresos e gastos deben coincidir.**

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

## ANEXOI.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE XERAL

| | | | |
|---|---|---|---|
| Don/Dna. | | DNI. | |
| Presidente/a da entidade deportiva | | CIF | |

**Declara,**

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para a tempada deportiva 2024/2025:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|---|---|---|
| Concello de Vigo (Importe solicitado no anexo I.1). | € | € |
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

- Que esta entidade deportiva non está incursa en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta na acta nº …................................. da sesión da xunta directiva celebrada na data …................., D/Dna.....…........................................................................................................... con DNI: …..................................., figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.
- **No caso de ter solicitado unha subvención por importe inferior a 3.000,00€: declara**, que a entidade se atopa ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituíndo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores necesarias.
- Que o **Nº de conta actual da entidade** na que solicita se faga o ingreso da subvención é:

| Nº IBAN | | | | ENTIDADE | | | | SUCURSAL | | | | DC | | NÚMERO DE CONTA | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

Vigo, na data da sinatura dixital

| Sinatura dixital do/da Presidente/a |
|---|
| |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante
O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ( www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

# ANEXOI.4.-DECLARACIÓN RESPONSABLE DA FEDERACIÓN

| | | | |
|---|---|---|---|
| Don/Dna. | | DNI. | |
| Presidente/a da Fed. Galega da modalidade de | | CIF | |

**CERTIFICA que son certos os datos que a continuación se detallan en relación á tempada deportiva 2024/2025 (ou ó ano 2025 en aquelas modalidades cuxa tempada sexa anual):**

| | | | |
|---|---|---|---|
| ENTIDADE: | | CIF | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| DATAS OFICIAIS DO CALENDARIO DE COMPETICIÓN DA MODALIDADE | MES DE INICIO: | | MES DE FIN: | |

| | |
|---|---|
| Nº TOTAL DE LICENCIAS DA ENTIDADE | |
| Nº LICENCIAS DE DEPORTISTAS DE CATEGORÍAS ANTERIORES Á ABSOLUTA: | |
| Nº LICENCIAS DE DEPORTISTAS FEMININAS CATEGORÍAS **PREVIAS Á ABSOLUTA**: | |
| Nº LICENCIAS DE DEPORTISTAS FEMININAS CATEGORÍA ABSOLUTA: | |
| Nº LICENCIAS DE TÉCNICOS E AUXILIARES: | |

Vigo, na data da sinatura dixital

| |
|---|
| Sinatura dixital do/da Presidente/a |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante
O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ( www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

## NEXO I.5.-RELACIÓN DE DESPRAZAMENTOS DE ÁMBITO NACIONAL (DEPORTES COLECTIVOS)

| | | | |
|---|---|---|---|
| Don/Dna. | | DNI. | |
| Presidente/a da entidade deportiva | | CIF | |

**DECLARA que durante a tempada 2024/2025, o/os equipos relacionados participaron en competicións de ámbito nacional, desprazándose fora da Comunidade autónoma de Galicia durante a fase regular das mesmas, tal e como se detalla na seguinte táboa*:**

| NOME DO EQUIPO | MODALIDADE | NOME OFICIAL DA CATEGORÍA | CIDADE DE DESPRAZAMENTO | COMUNIDADE AUTÓNOMA DE DESPRAZAMENTO | DATA COMPETICIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

**MODALIDADES E CATEGORÍAS ADMITIDAS NO CRITERIO:** Baloncesto (Liga EBA , Liga Feminina 2 e 1.ª nacional feminina), Balonmán (1.ª división masculina e feminina), Fútbol (2.ª RFEF Feminina, 3.ª RFEF masculina e feminina), Fútbol sala (2.ª división nacional masculina, 2.ª división nacional B masculina e 2.ª división nacional feminina), Hóckey sobre patíns (OK Liga bronce feminina e masculina), Rugby (División de honra B feminina e masculina), Voleibol (1.ª división feminina e masculina), Volei praia (Liga nacional de Volei praia masculina e feminina), Water-polo (División de honra feminina e masculina, 1.ª división nacional masculina e feminina).

*Esta declaración, para ser tida en consideración, deberá ser acompañada do calendario oficial das competicións relacionadas.

Vigo, na data da sinatura dixital

| |
|---|
| Sinatura dixital do/da Presidente/a |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante
O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ( www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Concello de Vigo

**SÓ PARA ENTIDADES ORGANIZADORAS DE EVENTOS DEPORTIVOS**

## ANEXO I.6.-ORZAMENTO EVENTO DEPORTIVO

| **NOME DO EVENTO** | | | |
|---|---|---|---|
| Don/Dna | | DNI | |
| Presidente da entidade deportiva | | CIF. | |

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos para o evento deportivo son os seguintes:

| **CONCEPTO INGRESOS DO EVENTO** | **IMPORTE** |
|---|---|
| Ingresos participantes | € |
| Ingresos patrocinadores Privados | € |
| Concello de Vigo (Só para o evento) | € |
| Fundación Deporte Galego (Só para o evento) | € |
| Deputación de Pontevedra (Só para o evento) | € |
| Outras subvencións do Concello de Vigo (Só para o evento) | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| TOTAL INGRESOS* (Debe coincidir co importe do total de gastos do evento) | € |

| **CONCEPTO GASTOS DO EVENTO** | **IMPORTE** |
|---|---|
| Gastos federativos | € |
| Gastos Material | € |
| Gastos aluguer instalacións | € |
| Gastos persoal | € |
| Outros... | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| TOTAL GASTOS* (Debe coincidir co importe do total de ingresos do evento) | € |

Vigo, na data da sinatura dixital

| Sinatura dixital do/da Presidente/a |
|---|
| |

***Os totais de ingresos e gastos deben coincidir.**

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

**SÓ PARA ENTIDADES ORGANIZADORAS DE EVENTOS DEPORTIVOS**

| **ANEXO I.7.-FICHA RESUMO DO EVENTO DEPORTIVO** |
|---|

| **NOME DO EVENTO** | | | |
|---|---|---|---|
| Don/Dna | | DNI | |
| Presidente/a da entidade deportiva | | CIF. | |

Certifica que son certos os datos detallados a continuación:

| Breve resumo do evento, que inclúa información sobre o impacto e repercusión mediática e social prevista ou acadada na cidade (Público, medios de comunicación, RRSS, ocupación hoteleira...: | | |
|---|---|---|
| Nº deportistas participantes (Non técnicos nin auxiliares): | | |
| Nivel deportivo da competición: | Internacional | |
| | Nacional | |
| | Autonómico | |
| | Provincial | |
| | Local | |
| Incluída no calendario oficial da federación (Si/Non): | | |
| Antigüidade do proxecto (Edición) | | |
| Atención ó deporte feminino (Sí/Non) | | |
| Atención ó deporte adaptado (Sí/Non) | | |
| % de financiamento privado. | | |

Vigo, na data da sinatura dixital

| Sinatura dixital do/da Presidente/a |
|---|

***Os totais de ingresos e gastos deben coincidir.**

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito

a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

## ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Entidade | | CIF | | | |
| Enderezo | | Localidade | | C.P. | |
| Tef. | | E-Mail | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Subvención concedida polo Concello de Vigo | | € | | |
| Importe xustificado | Base Impoñible | € | IVE | € |

**Relación de facturas para a xustificación da subvención (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):**

| Nº da factura | Data exped. factura | CIF provedor | Concepto do gasto | *Base impoñible | * IVE |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

Suma e segue...

- Tal como se reflexa no Art. 16.2.c.2º da normativa reguladora desta subvención, terase en conta como importe xustificativo a *Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente* que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se certifique no anexo II.2 que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

## ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

| Nº da factura | Data exped. factura | CIF provedor | concepto do gasto | *Base impoñible | *IVE |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Suma anterior... | .............. | ............ |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

| TOTAL | Base Impoñible | € | IVE | € |
|---|---|---|---|---|

D. ______________________________________ DNI _________________________ presidente/a da entidade CIF: ________________________certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de ____________________€ de base impoñible, e ______________€ correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actividade subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, na data da sinatura dixital

| Sinatura dixital do/da Presidente/a |
|---|
| |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante
O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ( www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Concello de Vigo

## ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

| | | | |
|---|---|---|---|
| D/Dna. | | DNI: | |
| Presidente/a da Entidade | | CIF: | |

**DECLARA:**

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de ........................................................€ (CAMPO OBRIGATORIO. DEBE COINCIDIR CO IMPORTE TOTAL DE GASTOS DETALLADO NO ANEXO II.3)
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, coa TGSS e co Concello de Vigo.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo. **De non ser así,** marcar: ☐
- Que esta entidade deportiva ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do mesmo proxecto de actividade subvencionado polo Concello de Vigo:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|---|---|---|
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

Vigo, na data da sinatura dixital

| Sinatura dixital do/da Presidente/a |
|---|
| |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

| ***ANEXO II.3.-BALANCE DE INGRESOS E GASTOS*** |
|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| D/Dna. | | DNI: | |
| Presidente/a da Entidade | | CIF: | |

| **BALANCE DE INGRESOS** | **IMPORTE** |
|---|---|
| Ingresos socios | € |
| Ingresos patrocinadores | € |
| Concellería de deportes | € |
| Fundación Deporte Galego | € |
| Deputación de Pontevedra | € |
| Outras subvencións do Concello de Vigo | € |
| ... | € |
| | € |
| | € |
| TOTAL INGRESOS | € |

| **BALANCE DE GASTOS** | **IMPORTE** |
|---|---|
| Gastos federativos (Licencias e mutualidades) | € |
| Gastos Material | € |
| Gastos desprazamentos | € |
| Gastos aluguer instalacións municipais | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| TOTAL GASTOS | € |

Vigo, na data da sinatura dixital

| Sinatura dixital do/da Presidente/a |
|---|
| |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2024/2025.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

**ANEXO III.1.**

**Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2024/2025.**

O obxecto desta convocatoria é a promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, ao abeiro das competencias municipais previstas no art. 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita competencia atopase recollida no art. 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2024/2025.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros) que faranse efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”.

**TERCEIRA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- As entidades subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2024/2025.

4. As entidades deberán estar integradas na federación correspondente, tendo a obriga de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2024/2025 ou no ano 2025 se se trata de modalidades que desenvolven a súa tempada por ano natural. Exceptuarase da obriga de estar integradas nunha federación deportiva a entidades que cumpran un dos seguintes requisitos:

- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade e de duración anual.
- Desenvolvan programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinadas a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición deportiva non federada, cunha duración regular e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.

**CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

**QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

**SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de deportes, o Xefe de servizo da área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

**OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2025 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.
O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

**NOVENA.- PAGO.**

1.- O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

**ANEXO III.3.**

**Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data ............ de 2025, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2024/2025.**

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de noviembre, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

Contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2024/2025.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros) con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00.

**TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.**

Clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as bases e convocatoria.

**CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

**QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

**SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 15 de outubro de 2025 (Incluído).

## 11(84).- SUBVENCIÓN A FAVOR DE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU POLA ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2025”. EXPTE. 24419/333.

Visto o informe xurídico do 03/01/2025 e o informe de fiscalización do 28/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

1.1.- Con data 15.12.24, Carlos Domínguez Fernández en n/r da entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a organización e desenvolvemento na cidade de Vigo do Festival de deporte urbano O Marisquiño 2025.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 1.589.500,00€ (Sen IVE).

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto descritivo do Festival O Marisquiño 2025.
- Memoria económica de ingresos e gastos.
- Documento acreditativo da exclusiva que ostenta a organizadora sobre o evento O Marisquiño.

- Certificado de la World Cup Skateboarding .
- Certificado do 16.12.24 da Federación Internacional de Baloncesto, relativo á importancia de O Marisquiño na modalidade 3x3 internacional.
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (certificado de competicións) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- NIF da entidade, DNI do representante e escritura notarial mediante a cal queda nomeada como administradora única de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, e nomeado como o seu representante Carlos Domínguez Fernández.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso o Festival O Marisquiño é un dos eventos máis relevantes a nivel internacional no ámbito dos deportes urbanos.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo".

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das

competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos de deporte urbano) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística nun estrato de poboación moi concreto, como o relacionado cos deportes urbanos, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do Festival. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.470.0002, no orzamento da Concellería de deportes do ano 2025.

Non é posible atopar eventos comparables, non xa a nivel nacional, senón tamén a nivel internacional, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto cultural e social.

Dita relevancia  deportiva, cultural e social queda avalada tanto pola WCS (World Cup Skateboarding), que confirma que O Marisquiño é unha de las paradas máis importantes en el circuíto de la copa do mundo de Skateboarding debido á súa lonxevidade, altos niveis de calidade e calidade do traballo do equipo do Festival, como pola FIBA (Federación Internacional de Baloncesto), que acredita nun documento remitido polo departamento de Competición FIBA 3X3 que O Marisquiño é un reputado organizador de eventos 3X3 e confirma que a continuación do evento entorno da celebración do Marisquiño. A folla de ruta do Circuíto 3X3 inclúe unha rede integrada de competicións 3x3 avalados pola FIBA e conduce á xira mundial FIBA 3x3.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo Festival o colocan nunha categoría única que se apoia da mesma forma nos acordos necesarios coas Federacións internacionais de cada modalidade (FIBA e World Cup Skateboarding), que en xeral esixen o compromiso dos organizadores cunha antelación elevada.

O Marisquiño se diferencia de calquera outro Festival por albergar competicións deportivas do mais alto nivel internacional en disciplinas como el Skate, BMX, descenso ou breakdance, que non só atraen a deportistas de talla mundial, senón que garanten un nivel competitivo e espectáculo que supera calquera outro do noso país e dificilmente comparable.

Os deportistas deste nivel internacional, estruturan os seus calendarios cunha antelación moi importante, polo que é fundamental garantir a estabilidade do evento ao obxecto de que o inclúan entre as súas competicións de referencia e manter o nivel competitivo do evento.

A relevancia do festival ven determinada polo enorme volume de asistentes, que supera os 150.000 nos catro días de celebración e é recoñecido internacionalmente pola consolidación da súa oferta ampla e gratuíta, sendo unha excepción no ámbito dos festivais e Competicións urbanas.

O Festival se atopa no top mundial dos campionatos de skateboarding, atraendo a participación dos e das deportistas máis relevantes do mundo. Consolidou a competición de BMX Street como unha das probas máis importantes internacionalmente, atrae ós e ás mellores xogadores de basket 3x3, acolle ó campionato internacional de Break dance, referencia europea da modalidade, celebra o descenso urbano, sendo o seu percorrido un dos máis recoñecidos internacionalmente, e celebra o campionato do mundo de Flatland, unha competición que consiste na realización de acrobacias coreografiadas sobre as bicicletas, competicións todas elas que confirman sen dúbida a súa dimensión e relevancia.

A entidade organizadora ven organizando o Festival 24 edicións, contando en cada unha delas coa documentación acreditativa da posesión dos dereitos de organización de cada unha das competicións internacionais.

E por último, este festival se singulariza do resto e adquire unha relevancia excepcional polo seu carácter gratuíto para todo o público asistente. As actividades que conforman o Festival desenvólvense en entornos e recintos abertos ó público cun carácter gratuíto, que dota ó Festival dun acento diferenciador do resto de festivais e que o posiciona como un referente non só polo seu nivel competitivo e espectacularidade, senón tamén pola súa accesibilidade.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel internacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós es ás mellores deportistas a nivel mundial.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento atrae a participación de máis de 1.500 deportistas de mais de 30 nacionalidades diferentes, tanto profesionais como amateurs nas diferentes disciplinas.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

O Marisquiño ten non só un impacto deportivo e cultural da máxima relevancia. Ademais, atrae a miles de visitantes cada ano, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade a nivel nacional e internacional.

A traxectoria e relevancia do festival o sitúa como un referente dos deportes urbanos tendo un gran impacto en RRSS, con mais de 5 millóns de impresións nos canais propios, 30 pezas audiovisuais xeradas durante o evento, 2.000 fotografías, 250 publicacións en RRSS desde o propio festival.

A nivel dixital, o Festival tivo un alcance en 2024 que superou +1,4M de reproducións en instagram, +1,2M de visualizacións en TikTok, +80k reproducións en Facebook e +483K de páxinas vistas por máis de 97M usuarios únicos.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión internacional extraordinaria, coa presenza dos e das mellores deportistas do panorama internacional e cunha asistencia de público extraordinaria.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.

- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
  - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
  - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
  - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
  - Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2025, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

**PROPOSTA**

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 1.342.000,00€ á entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL (CIF B36957132)

para a realización do evento deportivo “O Marisquiño 2025” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 1.342.000,00€ para subvencionar a edición do ano 2025 do Festival O Marisquiño a favor da entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL (CIF B36957132), segundo resulta da documentación do expediente nº 24419-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.470.0002 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

**ANEXO**

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “O MARISQUIÑO 2025” (Expte. 24419-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Carlos Domínguez Fernández, como propietario único da sociedade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, CIF B36957132 e enderezo social na Avenida de Castrelos núm. 29, planta 2, porta D, Vigo, na representación da mesma, tal e como consta na escritura notarial con núm. de protocolo 2866 de 25 de novembro de 2016.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “O Marisquiño 2025”, á entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

**II.-** Que a marca “O Marisquiño” se atopa rexistrada na Oficina española de Patentes e Marcas a nome de Carlos Domínguez Fernández, na súa condición de representante da entidade Ulisesproyect Eventos especiales SLU, e ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño” e ten por obxecto social, entre outros, a realización e promoción de toda clase de eventos deportivos e culturais.

**III.-** Que esta entidade vén organizando o festival "O Marisquiño", na cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en condicións de organizar a presente edición conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, presentados pola entidade organizadora.

**IV.-** A exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

**V.-** O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**V.-** Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida sociedade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**VII.-** Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente, ao que hai que engadir que a subvención consta nominativamente no orzamento vixente da Concellería de deportes.

**VIII.-** Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

**IX.-** Que o carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**X.-** Que ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24419-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

**PACTOS**

**Primeiro.-** Ulisesproyect Eventos Especiales SL comprométese a organizar o festival “O Marisquiño 2025”, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar o Festival O Marisquiño 2025, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoitando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia necesarias deseñado para o evento asinado por técnico competente.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento.

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Incluír a celebración do festival "O Marisquiño 2025" dentro da programación das Festas de verán 2025 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, unha subvención para a edición 2025 do Festival O Marisquiño por importe de 1.342.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución da edición do festival "O Marisquiño 2025".

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 7930 4002 1974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.
O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade

subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.**- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sétimo.**- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Oitavo.**- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán

recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Noveno.-** No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo "O Marisquiño 2025".

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. O persoal

técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.**- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** A Concellería da área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo noveno -** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos

Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Vixésimo**.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

**Vixésimo primeiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo segundo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 12(85).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS AUTOBOMBAS NODRIZA, DOUS VEHÍCULOS 4X4, UN VEHÍCULO 4X4 TODO TERREO E UN FURGÓN PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 7209/213.

Visto o informe xurídico do 24/01/2025 e o informe de fiscalización do 28/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución de 07 de novembro de 2024 a concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de dúas auto-bombas nodriza, vehículo todo terreo, vehículo de prevención, vehículo de xefatura e furgón traslado de persoal para o parque central de teis do Servizo de Bombeiros.

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 07 de novembro e a concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal de data 07 de novembro de 2024.

Resolución de inicio do expediente de contratación do a concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal de data 07 de novembro de 2024.

Certificado de crédito de data 12 de novembro de 2024, emitido e asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentos.

Declaración do redactor del prego técnico de data de 14 de novembro de 2024, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria económica do contrato de data 07 de novembro de 2024, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal de 07 de novembro de 2024. Correxida en data de 09 de decembro de 2024.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 14 de novembro 2024, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.
- Dilixencia do Servizo de Contratación de data 05 de decembro de 2024.
- Memoria xustificativa do contrato de data de 10 de xaneiro de 2025, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal.
- Informe da Técnica da Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación de data de 22 de xaneiro de 2025 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de dúas auto-bombas nodriza, vehículo todo terreo, vehículo de prevención, vehículo de xefatura e furgón traslado de persoal para o parque central de teis do Servizo de Bombeiros, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data de 22 de xaneiro de 2025.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. A c concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal mediante resolución de 07 de novembro de 2024 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.**- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financiera (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP ee a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro de dúas auto-bombas nodriza, vehículo todo terreo, vehículo de prevención, vehículo de xefatura e furgón traslado de persoal para o parque central de teis do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 14 de novembro de 2024.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data de 22 de xaneiro de 2025.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 965.000,00 euros, do que 167.479,34€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606240000 “ Adquisición vehículos " do presuposto municipal vixente.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(86).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN MARCO DE VIGO PARA O SEU FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2025. EXPTE. 3896/341.**

Visto o informe xurídico do 24/01/2025 e o informe de fiscalización do 29/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 15 de xaneiro de 2025 a Fundación Marco presenta a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo a solicitude, subscrita polo seu director, de transferencia de financiamento para 2025, por importe de 750.000,00 €, e que se aprobe o calendario de pagamentos, achegando a documentación correspondente.

Neste exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco para o financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2025 é de **750.000,00 €**, con cargo á partida 3330.489.00.03 “Fundación Marco”, incluída no presuposto de 2025 do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal con data 23 de decembro de 2024.

**ANTECEDENTES.**-

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2024 por importe de 725.000 €, aprobada pola

Xunta de Goberno Local na súa sesión do 23 de febreiro de 2024 (expediente 3566-341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, nos anos 2016, 2017 e sucesivos.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2025:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Marco é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Marco reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2025 ten previsto financiarse nun 68,52% polo Concello de Vigo (a través dunha transferencia de financiamento), pola Xunta de Galicia nun 9,14%, polo Ministerio de Cultura nun 4,57%, pola Deputación de Pontevedra nun 9,14%, e patrocinios, ingresos propios e outros: 8,63%; ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 a 2024 tamén aplicables a 2025, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Marco é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Marco debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo doa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste e Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas

correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral".

As bases de execución do presuposto non establecen ningunha normativa á que debera suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben corresponde á Intervención Xeral a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior. Nos exercicios anteriores o Servizo de Museos só establecía a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que coincidía coa solicitada pola Fundación Marco.

Con data 21 de xuño de 2019 o Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda subscriben a instrución sobre "Cumprimento dos prazos de pagamento", expediente 104/143 que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo, da que resulta:

- As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO achegarase con carácter previo aos seguintes anticipos, debendo facerse o correspondente ao 4º trimestre dentro do ano natural.
- O acordo de financiamento para o ano (n) deberá estar aprobado antes do remate do ano (n-1), e as entregas a conta, faranse dentro dos 10 primeiro días do trimestre; polo que compre:
- adaptar os prazos de pagamento da futura transferencia de financiamento, ao calendario indicado na instrución,
- ter recibido no Concello de Vigo a información relativa aos períodos medios de pagamento mensual en relación coa débeda comercial e os xustificantes correspondentes, con carácter previo ao anticipo;
- que a solicitude da Fundación MARCO, sobre transferencia de financiamento do programa e presuposto de 2025, debera presentarse nos primeiro días do mes de decembro do ano en curso (co presuposto e programa aprobado polo Padroado); xa que, como indica a instrución, o acordo de financiamento debera estar aprobado antes do remate do ano a financiar e a primeira entrega a conta faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre (neste caso tralo acordo Xunta de Goberno Local), unha segunda achega antes do 10 de abril de 2025, unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2025, e unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2025.

Con data 20 de novembro de 2024 (expte. 2744/341) foi comunicada ao MARCO a citada instrución para adaptar o calendario de pagos á mesma (entregas a conta ao principio de cada trimestre e achega previa de xustificantes).

**FUNDACIÓN MARCO.**-

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100. Nos estatutos aprobados polo Pleno do Concello e na acta de constitución da Fundación Marco

figuran como entidades fundadoras o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

Con data 5 de xaneiro de 2006 protocolízase en escritura notarial (Núm. 19; Notario: Mariano Vaqueiro Rumbao) a incorporación ao Padroado da Fundación Marco *"Un vocal (1) designado polo Ministerio de Cultura da Administración Xeral do Estado en atención ao seu compromiso estable coa Fundación e en función da súa achega.";* derivado do acordo do Padroado de data 20 de decembro de 2005.

A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundacións e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.

Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindindo o compromiso asumido, eximindo "á Caixa" da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.

O Padroado da Fundación Marco na sesión 25 de outubro de 2018 acordou aprobar os Estatutos Consolidados da Fundación e prodúcese a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por resolución do 11 de marzo de 2019.

Declaracións de interese cultural e interese galego.
A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

Composición actual do Padroado da Fundación Marco.-

Presidente.- Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.
Vicepresidenta.- Mª Carmen Silva Rego, 1ª Teniente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Vogais.- Gorka Gómez Díaz, Mª Carmen Lago Barreiro, Elena Espinosa Mangana, Cayetano Rodríguez Escudero, Ana Martínez Piñeiro, José Miguel Martín Peña (Concello de Vigo), Anxo Manuel Lorenzo Suárez (Xunta de Galicia) e Mercedes Roldán Sánchez (Ministerio de Cultura).
Secretario.- Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo.
Padroa de Honra, sen voto, Carlota Álvarez Basso.

Os representantes do Concello de Vigo foron designados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2019 e como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio de 2019.

**SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-**
A Fundación Marco ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2025 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:

- Solicitude de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de **750.000,00 €** presentada no Rexistro Xeral do 15 de xaneiro de 2025 xunto coa seguinte documentación:

    - Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2025, co detalle dos gastos dos principais proxectos e partidas.
    - Programación completa de exposicións para o exercicio 2025.
      Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:
    - Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
    - Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
    - Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
    - Certificación de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento, anexado polo servizo xestor.

**ORZAMENTO 2025 DA FUNDACIÓN MARCO.-**
Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2025, que ascende a un total de **1.094.500,00 €.** As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2025 que detallan son as seguintes:

- Concello de Vigo 750.000,00 € (68,52%);
- Xunta de Galicia 100.000,00 € (9,14%);
- Ministerio de Cultura 50.000,00 € (4,57%);
- Deputación Pontevedra 100.000,00 € (9,14 %);
- Amigos MARCO 13.000,00 € (1,19%);
- Ingresos Marco 81.500,00 € (7,45%);
  (Patrocinios, cursos, alugueres, catálogos,...)

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1. Persoal: 416.760,00 € (38,08%);
2. Gastos xerais (e extraordinarios): 317.500,00 € (29,01%);
3. Exposicións e actividades : 332.990,00 € (30,42%);
4. Gastos financeiros: 1.250,00 € (0,11%);
5. Outros (Amortizacións....): 26.000,00 € (2,38%).

A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2025 e do orzamento de 2024 presenta as seguintes variacións:

| **INGRESOS** | **ORZAMENTO 2025** | **ORZAMENTO 2024** |
|---|---|---|
| **Achegas institucións:** | | |
| Concello de Vigo | 750.000 | 725.000 |
| Xunta de Galicia | 100.000 | 100.000 |
| Ministerio de Cultura | 50.000 | 50.000 |
| Deputación de Pontevedra | 100.000 | 100.000 |
| | ***1.000.000*** | ***975.000*** |
| **Outros ingresos:** | | |
| Ingresos Patrocinios | 25.000 | 10.000 |
| Ingresos actividades propias | 54.000 | 45.000 |
| Amigos MARCO | 13.000 | 12.000 |
| Catálogos | 2.500 | 5.000 |
| | ***94.500*** | ***72.000*** |
| **TOTAL INGRESOS** | **1.094.500** | **1.047.000** |

| **GASTOS** | **2025** | **2024** |
|---|---|---|
| Persoal | 416.760 | 354.062 |
| Gastos Xerais+Extraordinarios | 317.500 | 329.085 |
| Exposicións e actividades | 332.990 | 336.603 |
| Gastos financeiros | 1.250 | 1.250 |
| Amortizacións, recuperación fondos propios | 26.000 | 26.000 |
| | | |
| TOTAL GASTOS | ***1.094.500*** | ***1.047.000*** |

VARIACIÓNS PORCENTAXES 2024-2025.-

Considerando as porcentaxes de participación das entidades e tipos de achegas, entre a previsión do orzamento total de 2025 e a estimación do orzamento total de 2024 (tomando os datos facilitados polo MARCO), presenta as seguintes variacións:

INGRESOS.-

| | 2025 | 2024 | Dif. 2025-2024 |
|---|---|---|---|
| ➢ Concello de Vigo | 68,52% | 69,25% | -0,73 |
| ➢ Xunta de Galicia | 9,14% | 9,55% | -0,41 |
| ➢ Ministerio de Cultura | 4,57% | 4,78% | -0,21 |
| ➢ Deputación Pontevedra | 9,14% | 9,55% | -0,41 |
| ➢ Ingresos patrocinios, activ. | 7,45% | 5,73% | +2,67 |
| ➢ Amigos MARCO | 1,19% | 1,15 % | +0,04 |

GASTOS.-

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

| | | 2025 | 2024 | Dif. 2024-2023 |
|---|---|---|---|---|
| 1. | Persoal: | 38,08% | 33,82% | +4,26 |
| 2. | Gastos xerais: | 29,01% | 31,43% | -2,42 |
| 3. | Actividades (expos., activ., etc.): | 30,42% | 32,15% | -1,73 |
| 4. | Gastos financeiros: | 0,11% | 0,12% | -0,01 |
| 5. | Amortizacións: | 2,38% | 2,48% | -0,10 |

**XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN MARCO**

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Marco víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establecéndose no propio acordo de concesión a regulación das condicións e obrigas (ao igual que no caso da Fundación Laxeiro; con convenio regulador no caso da Fundación Liste). Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Marco vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada de Cultura seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa citada fundación financiada pola Administración Local.

Á vista do exposto, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e do concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previos os informes xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

***PRIMEIRO.***-
*1.- Transferir á Fundación* Marco, *CIF: G36909885, un importe de* ***750.000,00 €*** *(setecentos cincuenta mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2025, de acordo co seguinte calendario, derivado da instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143) do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda sobre "Cumprimento dos prazos de pagamento", que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo:*

- *Unha primeira entrega a conta tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 187.500,00 € (25% do importe concedido).*
- *Unha segunda entrega a conta antes do 10 de abril de 2025, por importe de 187.500,00 € (25% do importe concedido).*
- *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2025, por importe de 187.500,00 € (25% do importe concedido).*
- *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2025, por importe de 187.500,00 € (25% do importe concedido).*

*As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO realizarase con carácter previo aos anticipos e, en xeral, adaptaranse á citada instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143).*

*2.- A transferencia de financiamento poderá financiarse con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación Marco", que figura no orzamento de 2025 do Concello de Vigo.*

*3.-* A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

***SEGUNDO.-***
O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data *20 e 28 de xuño e 3 de xullo de 2023* establece na concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística , entre outras, a seguinte: "e*) en materia de museos: (...) 4. Relacións do Concello de Vigo coa* <u>*Fundación MARCO*</u> *(Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación".*

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Marco, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no

Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Marco:

PRIMEIRA.-
O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación Marco como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento.

SEGUNDA.-
Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2025, que ascende a un total de **1.094.500,00 €.**
A previsión de ingresos quedará do seguinte xeito:

- Concello de Vigo 750.000,00 € (68,52%);
- Xunta de Galicia 100.000,00 € (9,14%);
- Ministerio de Cultura 50.000,00 € (4,57%);
- Deputación Pontevedra 100.000,00 € (9,14 %);
- Amigos MARCO 13.000,00 € (1,19%);
- Ingresos Marco 81.500,00 € (7,45%);
  (Patrocinios, cursos, alugueres, catálogos,...)

- A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

  - Persoal: 416.760,00 € (38,08%);
  - Gastos xerais (e extraordinarios): 317.500,00 € (29,01%);
  - Exposicións e actividades : 332.990,00 € (30,42%);
  - Gastos financeiros: 1.250,00 € (0,11%);
  - Outros (Amortizacións....): 26.000,00 € (2,38%).

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-
1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento ou partidas que consten nos presuposto municipais a favor do MARCO e que aprobe a Xunta de Goberno Local ou órgano de goberno competente.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Marco, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Marco, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.

5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Marco e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Marco é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Marco informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Marco adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada de Cultura.

A Fundación Marco asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada de Cultura a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao Marco (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada de Cultura.
A Fundación Marco comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da activida-

de ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-
En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan financiables.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN MARCO.-

A Fundación Marco achegará á concellería-delegada de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN MARCO AO CONCELLO.-

a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Marco; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Marco, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Marco, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
d) Copias das convocatoria e actas do Padroado da Fundación Marco.
e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado de Cultura con antelación á súa realización.
f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:

- Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
- Memoria de prensa.
- Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Marco deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencias de financiamento.

A Fundación Marco deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

OITAVA.-
Ao tratarse a Fundación Marco de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014,de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.
Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o pro-

cedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(87).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROXECTO "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA TARRAGONA". EXPTE. 2078/441.**

Visto o informe xurídico do 22/01/2025 e o informe de fiscalización do 29/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/01/2025, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 24.04.2023 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA" a favor da mercantil ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE SL (OTIMA).

2.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Pedro Iglesias Aymerich.

3.- Previo informe dos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de data 09.07.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado na mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 12.07.2024 aprobou o proxecto de VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Pedro Iglesias Aymerich, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS OITO MIL SEISCENTOS CORENTA E CATRO EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS (2.508.644,87€) e con sinatura dixital de data 04.07.2024. Expte. 6271-443.

4.- o expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 12.07.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6271-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Pedro Iglesias Aymerich.
B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 23.08.2024.
C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento ,Servizos e Deportes de data 26.08.2024.
D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 26.09.2024.
E) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 14.10.2024.
F) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do servizos Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 15 e 16.01.2025.
G) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 16.01.2024.
H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 17 e 18.01.2025.
I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 20.01.2025.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo

145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 09.07.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA"**, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS OITO MIL SEISCENTOS CORENTA E CATRO EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS (2.508.644,87 €), segundo a distribución de anualidades proposta.

| | |
|---|---|
| 2025 | 1.918.713,53 € |
| 2026 | 589.931,34 € |
| TOTAL | 2.508.644,87 € |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 20.01.2025.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1539.609.00.69 – proxecto de gasto 24153969 (Vigo Vertical Pintor Colmeiro) por importe de 1.918.713,53 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 1539.609.00.69, crédito por importe de 589.931,34 €.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Concello de Vigo

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(88).- APROBACIÓN DA OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA AO PROXECTO DE REPARCELACIÓN DO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 5342/401.**

Sométese a aprobación o informe-proposta data 23/01/2025, asinado pola técnica xurídica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a xefa do departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES E FEITOS

Con data do 20.09.2024 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, prestar aprobación, con carácter definitivo, ao «Proxecto de Reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia» instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, -Organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas da Xunta de Galicia (Exp. 5314/401).

Con data 20.12.2024, o IGVS presenta a través do Sistema de interconexión de Rexistros, un escrito a través do cal remite a corrección do erro material do Proxecto de reparcelamento do polígono 1 do Plan parcial de San Paio de Navia, para a súa tramitacións aos efectos do disposto no artigo 273 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (DOC. NÚM.240395673).

Remitido o expediente a arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión, con data 14.01.2025 emite informe técnico (trámite 15 do expediente electrónico).

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

II.I Normativa examinada

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas,
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II.II.- Operación xurídica complementaria

A operación xurídica complementaria segundo definición de Tomás Ivorra Ardite ("Las operaciones jurídicas complementarias: normativa, jurisprudencia y resoluciones de la Dirección General de los Regis-

tros y del Notariado", Revista de Derecho Urbanística. Novembro 2006), é aquel acto administrativo de carácter urbanístico que altera dun xeito non substancial e perfecciona o instrumento de reparcelación orixinario, sen contradicir nin opoñerse ao mesmo nin ao plan que se execute. O límite das mesmas son as alteracións substanciais ou revisións de reparcelación.

O artigo 273 do vixente Regulamento da Lei do solo de Galicia, baixo o título "Operacións xurídicas complementarias e modificacións ao proxecto" establece no seu teor literal que, *"(...)Se entenden como operacións xurídicas complementarias a un proxecto de equidistribución os documentos ou datos que completan ou aclaran as súas determinacións, sen alterar en ningún momento o seu contido substancial. As operacións xurídicas complementarias, que non se opoñan ao planeamento que se executa nin ao proxecto de equidistribución definitivamente aprobado, poderán ser aprobadas sen información pública polo Concello, quen deberán reflectilas en certificación administrativa que será obxecto de inscrición no rexistro da propiedade por o promotor do proxecto(..).*

A presente proposta de rectificación que se propón, ven derivada dunha incorrecta descrición das parcelas de resultado 148 e 168, na memoria do proxecto e nos Anexos III e IV.

A rectificación que se propón non afecta á participación dos titulares das fincas aportadas nin á cuantificación do aproveitamento urbanístico atribuído ás fincas resultantes, nin altera as previsións de cesións de zonas verdes, viais e equipamentos do ámbito.

II.III. Aplicación das modificacións competenciais operadas pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31.12.2024)

Resulta de aplicación ao presente procedemento, o disposto no seu artigo 72 respecto dos proxectos de parcelamento ou reparcelación, remitíndose, no que atinxe a súa tramitación as previsións contidas no artigo 70.3 do mesmo corpo legal, atribuíndolle a competencia para a súa aprobación ao Instituto Galego de Vivenda e Solo , previa audiencia ao municipio.

Dita modificación da competencia para a aprobación dos proxectos de reparcelación, non resulta de aplicación ao presente procedemento, ao iniciarse con anterioridade a entrada en vigor do referido cambio normativo, sendo de aplicación o pautado na Disposición Transitoria Terceira da Lei 39/2015, a falta de previsión expresa na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31.12.2024)

II.IV. Órgano competente

En virtude do disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da XMU.

Por canto antecede, proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte

«ACORDO

PRIMEIRO: Realizar a operación xurídica complementaria da proposta de reparcelación do «Polígono I de San Paio de Navia», aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 20.09.2024 (Exp.5314/401), no senso de reflectir a descrición correcta das parcelas de resultado 148 e 168, nos seguintes documentos: Memoria (apartado 8.1), no Anexo III, e no Anexo IV, co contido que se indica

na documentación presentada polo IGVS, e que xunta a presente proposta como Anexo, aos efectos da súa inscrición no rexistro da propiedade.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao IGVS, así como a todos os interesados no presente procedemento, significándolle que contra á mesma cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8- 1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren procedentes. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, a presente proposta non ten carácter vinculante e o órgano competente, decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

Consta acordo favorable do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28/01/2025.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente prorrogado de subvencións para o fomento do Asociacionismo e a Participación Cidadá do ano 2024. Expte. 11763/320.

.- Proposta de aprobación do proxecto de “Renovación integral da cuberta da bancada do campo de fútbol Baltasar Pujales – Bouzas". Expte. 5790/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**16(89).- EXPEDIENTE PRORROGADO DE GASTO DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2024. EXPTE. 11763/320.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 05/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/01/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 23 de agosto de 2024, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2024.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 172 do 4 de setembro de 2024, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (25 de setembro de 2024).

Durante este prazo (de 26 de setembro ao 16 de outubro de 2024), achegaron un total de corenta e catro solicitudes (44).

II. A concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, conforme ao establecido no apartado 11ª das bases da convocatoria resolveu o nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración, órgano colexiado baixo a presidencia do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, que, en xuntanza de data 13/11/2024 procederon, conforme á información e documentación obrante no expediente, a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes, acordando estimar a relación das corenta (40) entidades as que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os que solicitou axuda, así como desestimar (total ou parcialmente) as solicitudes que non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria, e ter por desistidas as solicitudes segundo as circunstancias que constan no expediente.

O proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados nos baremos que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos

criterios de valoración establecidos na cláusula décima das bases reguladoras da convocatoria.

III. Formulada a correspondente proposta, foi fiscalizada favorablemente pola Intervención Xeral Municipal en data 16/12/2024.

IV. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 17 de decembro de 2024, aprobouse o acordo de concesión con identificación das beneficiarias e contía outorgada, así como a desestimación e desistimento, respectivamente, das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2024. Así mesmo, acordouse modificar **as Bases 3ª e 13ª**, respectivamente, reguladoras do procedemento, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente proposta non deveña de imposible cumprimento, establecendo na

**Base 13ª** un prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos; e considerando que os gastos subvencionables contemplados na **Base 3ª**, serán os realizados dende o 16 de novembro de 2023 ata a data de finalización do prazo de xustificación: **15 de novembro de 2024** (data límite segundo as instrucións de peche do exercicio orzamentario asinadas o 24/10/2024, en expte. 94/142).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

O presente procedemento de subvencións iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramitouse en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co art. 22.1 da LXS.

**EXPEDIENTE PRORROGADO:**

Debido ao retraso producido na tramitación das presentes subvencións, este servizo xestor non tramitou toda a xustificación das ditas subvencións no ano do outorgamento, polo que cómpre que a imputación orzamentaria se faga con cargo ao crédito do ano 2025, de xeito que as entidades beneficiarias que xustificaron dentro do prazo, non perdan o dereito.

As Bases de Execución do Orzamento Municipal establecen o seguinte:

· **Base 38 de execución do Orzamento:** non caberá a posibilidade de que unha subvención concedida no ano poida ser incorporada como remanente ao orzamento do ano seguinte, polo que, se a beneficiaria non xustificou dentro do prazo, perderá o dereito, e se o servizo xestor non tramitou a xustificación no ano do outorgamento,

a imputación orzamentaria farase con cargo ao crédito do ano seguinte, diminuíndo a dispoñibilidade de crédito dese ano...

· **Base 29 de execución do Orzamento:** os expedientes de gasto iniciados nun exercicio e que por calquera causa non se chegue a concretar a contía do seu compromiso poderán terminarse no seguinte exercicio.

Non cómpre para iso repetir os informes emitidos e os trámites realizados, sempre que non se modifiquen as circunstancias de feito e de dereito existentes no momento de emitilos ou realizalo e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

Xa que logo, faise necesaria a tramitación desta convocatoria de subvencións como expediente prorrogado ao non concretarse o compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamentos do ano 2025, no que existe crédito adecuado e suficiente nas partidas orzamentarias 9240 4890000 "*Subvencións a entidades cidadás*", cunha dotación de 265.000,00 €, e/ou á partida orzamentaria 9240 7800010 "*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*", dotada con 300.000,00 €.

A contía total dos pagos pendentes con cargo ao ano 2025 ascende a un total de **361.368,94** €, distribuídos da seguinte maneira:

**Programas I e II : 243.000,00** € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 "*Subvencións a entidades cidadás*", a cal conta cunha dotación de 265.000,00 €:

*Proposta de outorgamento aprobada no ano 2024: 250.000 € (100 % do importe previsto)*

*Programa I: 223,954,00 €*

*Programa II: 26.046,00 €*

***Pagos** realizados no ano 2024:*

*Programa I: S.C.D Atlántida de Matamá (G36020854): 7.000,00 €*

*Programa II: 0 €*

***Importe total prorrogado ano 2025: 243.000,00 €***

**Programas III e IV: 118.368,94** € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 7800010 "*Subvencións Capital Asociacións e Atrios",* dotada con 300.000,00 €.

*Proposta de outorgamento aprobada no ano 2024: 148.769,86 € (74,38 % do total previsto: 200.000 €)*

*Programa III: 65.697,80 €*

*Programa IV: 83.072,06 €*

*Pagos realizados no ano 2024: 0 €*

***Renuncias** presentadas no Programa III:*

- *AVV O Carballo de Sárdoma (G36649325): 5.000,00 €*
- *AVV San Mamede Zamáns (G36691855): 2.423,96 €*
- *AVV Lavadores (G36633618): 1.600,00 €*

***Renuncias** presentadas no Programa IV:*

- *AVV O Carballo de Sárdoma (G36649325): 4.456,81 €*
- *AVV Feira Cabral (G36729796): 4.747,35 €*
- *S.C.D Atlántida de Matamá (G36020854): 7.000,00 €*
- *A.C.D Xestas (G36628543): 5.172,80 €*

***Importe total prorrogado ano 2025: 118.368,94 €***

**De conformidade co anteriormente exposto e, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, formúlase á Xunta de Goberno Local, como órgano competente, a seguinte proposta de**

**ACORDO**

**PRIMEIRO:** Autorizar a tramitación do expediente 11763/320 correspondente á "*Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2024,* como expediente prorrogado de gasto con cargo aos orzamentos municipais do 2025, constando crédito adecuado e suficiente nas partidas orzamentarias 9240 4890000 "*Subvencións a entidades cidadás*" e/ou á partida orzamentaria 9240 7800010 "*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*", de acordo aos informes emitidos e os trámites realizados que constan no dito procedemento, tendo en conta, que a contía dos gastos pendentes de pago ascende a un total de **361.368,94** €, distribuídos da seguinte maneira:

**Programas I e II : 243.000,00** € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 "*Subvencións a entidades cidadás*", a cal conta cunha dotación de 265.000,00 €.

**Programas III e IV: 118.368,94** € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 7800010 "*Subvencións Capital Asociacións e Atrios",* dotada con 300.000,00 €.

**SEGUNDO**: Dar conta da presente proposta á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(90).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES – BOUZAS". EXPTE. 5790/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/02/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 02.06.2022 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do Enxeñeiro Industrial Francisco Javier de la Puente Crespo.

**II.-** O dito Enxeñeiro presenta trala fase de supervisión, proxecto básico e de execución "RENOVACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES – BOUZAS”.

**III.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 14.11.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 15.11.2024, a proposta do Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A bancada localizase na rúa de Eduardo Cabello nº 55, no barrio de Bouzas, Vigo (Pontevedra). A referencia catastral da parcela é 0456907NG1995S.

O obxectivo deste proxecto é definir unha solución para reparar os elementos estruturais danados, así como todas aquelas instalacións necesarias para o bo funcionamento da bancada. Así mesmo, se propón a substitución da cuberta existente mediante a execución dunha nova estrutura metálica de cuberta e a súa cubrición. A superficie construída da bancada é de 429 m2.

O análise do estado no que se encontra a estrutura metálica existente se recolle no Anexo 1 “Informe de avaliación estrutural” do presente Proxecto Técnico.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 12 (DOCE) SEMANAS.

**V.-** A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 29.08.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:
*“(...)*
*Actualmente se encontra vixente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993, debido á declaración de nulidade da Ordenación Municipal de Vigo PXOM-08 segundo sentencia do Tribunal Supremo*

*recurso casación núm. 1658/2014.*

*En aquelas zonas onde o PXOU-93 non se axusta á realidade urbanística existente no término municipal, é de aplicación o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), elaborado polos Servizos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e aprobado definitivamente o 24 de Xullo de 2019.*

*A parcela sobre a que se encontra a bancada está dentro do ámbito da Ordenanza 7. O ámbito de aplicación desta Ordenanza corresponde ao área dotacional pública de Bouzas.*

*As obras a executar son obras de mantemento da edificación existente polo que son obras permitidas polas ordenanzas de aplicación.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

**VI.-** Consta no expediente administrativo de referencia resolución de data 17.10.2024 do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, autorizando a execución das obras de renovación integral da cuberta do campo de fútbol Baltasar Pujales, cuxa titularidade ostenta mediante concesión administrativa outorgada por Resolución do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo de data 28.04.2000.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as

disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto básico e de execución **"RENOVACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES - BOUZAS"**, redactado e asinado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS TRES MIL SEISCENTOS SESENTA E UN EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (303.661,93 €), de novembro de 2022 e asinado dixitalmente en data 4 de febreiro de 2025.

<u>ACORDO</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(91).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

Concello de Vigo

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez